Trátase de 206 facturas eléctricas que chegan aínda da Comercializadora regulada Gas&Power, de consumos do primeiro semestre de 2019. Dende xuño de 2019 todos estes consumos eléctricos xa chegan facturados a través de Naturgy Iberia, de conformidade co acordo marco da FEMP polo que está contratada a subministración eléctrica.

Conclúe dicindo que nese listado de facturas tamén se inclúe a factura de Augaservi, do servizo de auga e rede de sumidoiros do terceiro trimestre de 2020, así como facturas de equipamento e sinalización por covid e arranxos urxentes, como é o caso dos parques biosaudables.

Concedida a palabra a dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira do PP, manifesta respecto deste punto dous, que o argumentario que empezaba respecto das facturas sen reparos suspensivos que viron no punto un, pois continúa agora, pero con reparos suspensivos por ausencia de procedemento de contratación e con relación, outra vez, ás empresas subministradoras de enerxía eléctrica.

O que ocorre é que resulta que se están a emitir por estas empresas, en concreto Naturgy Iberia e Gas&Power, nin máis nin menos que facturas por unha empresa distinta á que prestou o servizo, é dicir, contrátase cunha empresa e resulta que vén outra e lle factura os servizos ao Concello de Cambre, é así, tal e como o di, e vai recompilalo.

Di que teñen un contrato para subministración de electricidade de alta e baixa tensión a través da Central de Contratación da FEMP con Naturgy Iberia, S.A., resultando que despois as facturas son emitidas por unha empresa distinta, unha empresa distinta á que no seu día foi adxudicataria dese servizo.

Pero seguen, porque é que, ademais, estas facturas tamén lles volve dicir o interventor que non foi posible a súa comprobación polos técnicos competentes. É dicir, os técnicos non puideron de novo comprobar, non conformar, senón comprobar, que as tarifas aplicadas se corresponden coas contratadas, polo seu volume e polas características da facturación.

Conclusión, ao Goberno de Cambre, en representación de todos os veciños, desde aquí, o Grupo Municipal Popular, installe e esíxelle que tome medidas, pero verdadeiramente contundentes, contra estas empresas, porque teñen acostumada á xente a estas películas e a estas manipulacións. Tanto teñen acostumadas ás persoas físicas, ás familias, como ás institucións, co cal alguén debe de empezar a facer algo, pero algo contundente, porque é que lle toman o pelo á xente.

Di que, vendo estas facturas e vendo o informe do interventor, o primeiro que pensan como grupo é que isto non pode ser, non pode continuar e hai que poñer freo a estas manobras e a estas manipulacións, porque si, que as facturas hai que pagalas, pois moi ben, hai pagalas, pero que estas empresas poden facer o que lles parece, tanto con persoas como incluso con institucións públicas, pois de aí vai un treito e a institución pública o que ten é o deber de frear eses abusos.

Continúa dicindo que tamén con reparos suspensivos veñen outras facturas por valor de 2002 euros, e logo pasar xa ao eterno problema de Augaservi, pola prestación dos servizos en precario, nin máis nin menos, da xestión municipal da auga.

Eles comparten o criterio de Intervención de que ese contrato é nulo, totalmente nulo, posto que leva máis de 15 anos desde que se terminou o período de execución do contrato. Pasaron máis de 15 anos, polo tanto ese contrato é nulo e o que non poden entender é que se estean emitindo facturas con base a ese contrato.

É dicir, poderían entender que esta empresa emitise facturas e que o Goberno de Cambre pagase esas facturas con base a un servizo realmente prestado e comprobable, pero non con base a un contrato que padece dun vicio

absoluto de nulidade.

Co cal, o mesmo que lles dixeron polo tema de Naturgy, hai que revisar isto, porque con independencia de que se teña feito unha auditoría, con independencia de que se vaia contratar urxentemente, como din, e eles crenlles que si, que se vai contratar, pero é que con independencia diso, pagar facturas con base a un contrato nulo, iso non o debe de facer ningún Goberno serio. Con base nun contrato nulo, non. Con base noutros sistemas, como prestación de servizos reais e aplicando as doutrinas que se queiran aplicar, pero non con base a un contrato nulo.

Despois xa nin que dicir ten as consideracións que o propio interventor fai na parte final do seu informe, e que son as de sempre, alerta das responsabilidades que hai.

Toma a palabra o señor alcalde para pedirlle á señora concelleira que vaia rematando a súa intervención.

Dona Marta María Vázquez Golpe conclúe que con todos estes escándalos, o voto do seu grupo ten que ser en contra.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, expón que, un pouco na liña do que dixo a compañeira do PP, esixir ás empresas que facturen e que fagan as cousas ben, igual que esixen aos cidadáns e ás administracións.

Respecto da factura de Augaservi si que é verdade que é unha empresa que presta un servizo, mellor ou peor segundo un pouco polas zonas, pero aproveitando que veñen aquí o seu grupo quería preguntar se hai algunha novidade respecto do tema da licitación ou do contrato ou non contrato relacionado co tema da auga.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común e integrante do Grupo Mixto, manifesta respecto deste punto que dende EU votarán de forma contraria, de forma desfavorable, tamén un pouco na liña do que faláron con anterioridade.

Respecto do tema das subministracións eléctricas, só fai falta ler o informe do interventor, que ela por outra parte tamén agradece a súa extensión, e as explicacións que se trasladan dende a propia Intervención, porque moitas veces dende a parte política tampouco son conscientes das xestións que se realizan de cara ao tratamento das diferentes facturas.

Neste caso das facturas relativas á subministración de enerxía eléctrica, volven ao de antes, o importe é moi importante, pero non só é o tema do importe, senón que con independencia de que foran conformadas polo técnico municipal, e tal e como dicía Marta, non foi posible polo volume das facturas a súa comprobación absoluta para ver se efectivamente a facturación se corresponde co subministrado.

Continúa dicindo que o tema da auga é un tema tamén recorrente neste concello. Ata as últimas informacións que tiveron en reunións anteriores parecía que estaba empezando a canalizarse, nunca máis tiveron información.

A ela resúltalle interesante un parágrafo do informe de Intervención facendo referencia a aquel informe do 9 de xuño do ano 2020 que emitía como conclusión á auditoría contratada, tamén por solicitude do interventor municipal, e que basicamente falaba da nulidade do contrato e da licitación inmediata, utilizábase esa expresión por parte de Intervención dicindo que procedía a súa licitación inmediata resolvendo a relación con Augaservi.

Di que concorda con Raúl en que efectivamente estase a prestar un servizo de mellor ou peor forma, e certamente ese servizo estase a prestar, pero tamén é certo que están falando de volumes importantes de cartos públicos que están saíndo do concello e non con todo o control que se merece o caudal público. Tanto na parte

relativa á facturación de subministracións eléctricas como á parte relativa de contratos menores que non están conformados tampouco por Intervención, como á parte relativa ao contrato da auga, que son moitísimos anos con esa situación.

Conclúe dicindo que lle gustaría que por parte da concelleira de Facenda lles fixera un pequeno resumo de todas aquelas xestións que se están realizando respecto destes tres grupos, é dicir, contratos menores sen xustificar, auga e subministración eléctrica, que lles puidera debuxar un pouquiño os últimos traballos feitos dende as últimas conversas que tiveron respecto deste tipo de servizos, subministracións e facturas.

Concedida a palabra a dona María Dolores Pan Lesta, di que vai intentar dar resposta a todo o que foi xurdindo, igual lle queda algo no tinteiro, pero se iso despois o retoman.

Preguntaban varios concelleiros polo tema de como está o procedemento do contrato de asesoramento en materia do ciclo integral da auga. Infórmales que ese contrato está xa practicamente para adxudicar, houbo que requirir unha documentación á empresa, que xa a presentou e que xa está avaliada polos técnicos, e xa lles di que está pendente de executar.

Nese contrato nunha primeira fase vanse elaborar os pregos para contratar por un prazo máximo de 2 anos o servizo de contrato de mantemento do servizo municipal de auga potable e rede de sumidoiros, que sirva para poder finalizar a relación coa empresa Augaservi e encamiñar os pasos para crear, nunha segunda fase, a empresa pública da auga no Concello de Cambre.

Dicía antes a Sra. Vázquez Golpe que a empresa Augaservi leva 15 anos co contrato caducado. Si, ten razón, pero lémbrale que cando gobernou o PP estaba xa caducado, e cre que pagaban igual as facturas.

Non quere dicir que non se tiña que ter solucionado o tema antes, o que di é que este Goberno botou a andar unha solución, están xa practicamente a punto de adxudicar ese contrato e ese é o primeiro paso para acabar con ese problema que sabe que lles preocupa a todos eles e a ela tamén.

En canto ás eléctricas, di que non vai ser ela quen defenda ás eléctricas, pero si quere dicir que non é certo que non estean comprobadas esas facturas, ela ten aí o informe do enxeñeiro técnico municipal no que di que están comprobadas por parte dos servizos técnicos as facturas corrixidas, porque estas facturas foron devoltas no seu día e emitidas novamente, e por iso se informan favorablemente dende o punto de vista técnico, ao comprobarse que non existen conceptos errados na facturación e que dan o visto e prace á facturación desas subministracións.

Continúa dicindo que comentaba a concelleira do PP que temos contratado, e é certo, o servizo de electricidade a través do acordo marco coa FEMP e que esas facturas que chegan a través de Gas&Power deberían de chegar a través de Naturby Iberia. Dille que é certo, e por iso dende o Goberno tamén se preocupan por iso.

Explica que nas conversas e no cambio de pareceres entre o departamento de Servizos e Naturgy Iberia, dende Servizos estalle lembrando dende o primeiro momento no que se entra nese acordo marco da FEMP como teñen que facturar e hai unha contestación da empresa Naturgy Iberia que di textualmente que cando se asina o acordo marco da FEMP hai varias subministracións que se atopaban contratadas coa Comercializadora Regulada Gas&Power, é dicir, estaban contratadas previamente a ese contrato marco, e debían pasarse a Naturgy Iberia para comezar a facturar cos prezos acordados a través do acordo marco da FEMP.

Segue dicindo que ese cambio non se realiza de maneira inmediata, senón que tarda un tempo en levarse a cabo e por iso se produce unha última facturación das subministracións na Comercializadora Regulada Gas&Power cando xa está asinado o acordo marco da FEMP.

Dilles que estas facturas que chegan agora son do primeiro semestre do 2019, que aparecen aínda a nome desa empresa, pero que a partir de xuño de 2019 todas as facturas de subministración de Cambre aparecen xa facturadas a través de Naturgy Iberia.

En canto á pregunta que facía a concelleira de EU cre que o da auga máis ou menos o contestou, o da electricidade tamén. En canto aos contratos menores dicir que veñen con reparos suspensivos, é certo, unha serie de servizos que se fixeron e nos que hai ausencia de contratacións, así o di o informe de Intervención. Vai explicar cales son esas facturas e o porqué se fixeron da forma que se fixeron.

Di que hai unhas facturas que están relacionadas con subministracións que fixeron falta durante a primeira época do covid e se fixeron por trámite de urxencia, isto é, por exemplo, os dispensadores automáticos que se puxeron por fóra, polas beirarrúas e por distintos puntos do concello, así como uns desinfectantes de líquido para encher os dispensadores que teñen por todos os locais do concello.

Despois tamén hai unha factura que vén con reparos porque non se contratou no seu día, tamén porque foi outro trámite urxente. Un foi a colocación no cemiterio, en relación do día de defuntos, das normativas que tiñan que cumprirse nese caso. E outro foi para sinalización dos aparcadoiros referentes aos colexios de Cambre. Tamén foron sinalizacións indicativas das medidas que se tiñan que seguir polo tema da covid.

Despois hai outra factura que tamén era urxente e que tampouco ten o contrato pertinente, porque xa lles di que son temas urxentes que teñen que abordar no momento que xorden e que foi a reparación do parque biosaudable do concello. Aí había un risco e antes de lamentar algunha incidencia ou algún dano dalgún veciño, arranxárono dese xeito.

Conclúe dicindo que quixo darlle resposta ao que preguntaron e se algo quedou no tinteiro, agora hai unha segunda rolda e intentará explicarllelo.

Concedida a palabra a dona Marta María Vázquez Golpe expón que respecto do acordo marco coa FEMP, en relación coas facturas de Naturgy, tal e como di a concelleira María Pan, pois efectivamente relata conversas entre os departamentos da empresa que factura, a empresa de electricidade, e o departamento correspondente do concello, pero lémbrales que as conversas non deixan de ser conversas, e nestes temas onde hai un incumprimento contractual, porque están falando dun incumprimento contractual, agora si, antes estaban falando dun incumprimento da forma de facturación ou dos períodos de facturación, pero neste caso están falando dun incumprimento contractual, entón as conversas son conversas e a batuta e o mando ten que tomalo o pagador, que é o Concello de Cambre, e á cabeza o señor alcalde, el e os seus departamentos.

Di que moi ben, vén a empresa Naturgy e teñen unhas conversas, dálles unhas explicacións e o Goberno as dá como válidas. Eles non din que non sexan válidas, van agardar a ver que pasa e como se desenvolven os acontecementos no futuro, pero isto é gravísimo, é un incumprimento contractual e o Concello de Cambre o está soportando.

Pero non é que o estea soportando o concello, o están soportando os veciños, e o que é peor, o están soportando os recursos municipais, que son eses funcionarios que teñen que puntear, factura por factura, para ver onde está o erro, para ver onde está o incumprimento, e para ver como se está facendo esa facturación.

Son recursos desperdiciados e tempo que está investindo o concello nunha empresa que, aínda por riba, estalles facturando electricidade a un prezo altísimo e que eses recursos non se están levando a outros servizos que demandan os veciños. E logo din que, claro, que en Intervención teñen falta de recursos, pero é que co tempo que debe levar isto, pregúntase como non vai haber falta de recursos.

Ela cre que isto hai que tomalo moi en serio e hai que tomalo de forma contundente.

Respecto do tema de Augaservi díxolles a señora concelleira que o PP non fixo a contratación, efectivamente, o PP non fixo a contratación, certo, o PP estivo catro anos gobernando, pero o actual Goberno leva seis, e viñeron aquí para resolver problemas, non para manter eses problemas. Veñan a resolver, así llelo dixeron aos veciños, que viñan a resolver. E se o Goberno do PP pagaba esas facturas, o actual Goberno tamén, pero ademais, foi un Goberno distinto ao do PP e máis parecido ao actual o que contratou ese servizo.

Conclúe dicindo que eses son temas que teñen que quedar claros.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López di que por facer tamén algunha mención á intervención da concelleira, en primeiro lugar, ese texto que lles leu respecto da comunicación entre o concello e a subministradora non ten maior relevancia. Esa lectura que fai da comunicación, de que hai que pasar da comercializadora de último recurso a mercado libre non ten relevancia no que están a dicir, colleu un texto ao azar e leuno, pero iso non é relevante.

Di que dende o momento en que o acordo marco decide ou acorda un prezo no mercado libre con Naturgy, a un prezo concreto para que todas as subministracións sexan facturadas de acordo a esas condicións, evidentemente hai que sacar todas esas subministracións do mercado regulado ao mercado libre e iso non implica ningún tipo de desviación na facturación, non vai o asunto por aí.

O asunto vai porque están aprobando en xaneiro do ano 2021 facturas, neste caso de subministración eléctrica, de hai dous anos. O paso a mercado libre é como se ela na súa casa cambia de mercado libre a regulado e efectivamente ten que vir unha lectura do contador ata ese día que se fai o cambio de saída a mercado, e se tiña tantos quilowatts ten que facturar ata aí e xa está. A lectura dese texto que lles fai a concelleira non achega ningún tipo de información válida. Non sabe por que o faría, pero non ten relevancia.

Respecto da comprobación das facturas, fala da comprobación por parte do enxeñeiro de conceptos técnicos, é o que di o informe de Intervención e de acordo a tarifas. Ben, esas comprobacións son meras comprobacións de tarifa, de se ten unha potencia determinada, se ten un tipo de tarifa determinado, se é unha 2.0, unha 2.0.HA, dá igual, é unha comprobación de conceptos técnicos de factura.

Di que iso non implica que non poida existir unha desviación e un descontrol na subministración, que é o que levan denunciando hai anos respecto da cantidade de miles de euros que teñen saído das arcas dos concellos municipais, de facturas que é fisicamente imposible que un departamento humano, de Intervención, de Contabilidade, do que sexa, teña capacidade física de comprobar toda esa cantidade de facturas a dous anos vista.

Entre outras cousas porque se ela colle unha factura do ano 2019 e vai ver ao contador, non vai ver absolutamente nada, é dicir, non ten capacidade para iso. O que vai poder ver é que efectivamente o cup coincide e o número de contador coincide, pero iso tampouco implica que haxa un control por parte do concello. Págase porque hai que pagalo, e xa está, pero non está controlado.

Despois outra cousa, porque está bonito contalo todo, cando lle pediu explicación á concelleira do relato respecto dos contratos menores, efectivamente, si que fala a concelleira do tema dos dispensadores do covid, das garrafas do covid, do mantemento, pero tamén hai outros conceptos. A concelleira falou de que eran todos gastos urxentes e que se tramitaron polo procedemento urxente, pero tamén hai 10 “alfombrillas” para rato como procedemento urxente.

Conclúe dicindo que con isto quere dicirlle que cando dea a explicación non a dea soamente da parte que queda así un pouco máis bonita, porque o tema do covid foi moi urxente, claro que si, pero hai outras cousas tamén, como un bote dun toner, que pode ser que tamén fora urxente, non sabe, pero que é cousa de ler e explicar todo

o que está reparado con efectos suspensivos.

O señor alcalde concede a palabra á concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos e pídelle que sexa breve na súa intervención.

Dona María Dolores Pan Lesta di que só dúas cousas. Á concelleira do PP dille que as conversas non son conversas que ela conte, senón que están recollidas nun informe técnico, iso por un lado. Por outro lado dille que non se preocupe, que o tema de Augaservi estase a resolver.

En canto ás facturas e o porqué veñen agora, dille á Sra. Santos que estas facturas foron devoltas e foron entregadas outra vez no concello a principios do ano 2020. É certo que levan un proceso moi longo para poder velas todas, e por iso se traen agora.

Sometido a votación ordinaria do Pleno municipal o ditame emitido pola Comisión Informativa, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Votan en contra os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, acordou:

Aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, de data 21 de xaneiro de 2021, no que se inclúe a modificación da proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, por exclusión da factura F/2020/1420, do 13/06/2020, da Comercializadora regulada Gas&Power, S.A., por importe 472,71 euros, e, para tal efecto:

Primeiro.- Levantar os reparos formulados pola intervención municipal.

Segundo.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 2/2021 de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2021 por importe de 145.626,47 euros, correspondente ás facturas que se relacionan a continuación:

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2020/1412	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	10,88
F/2020/1413	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	292,77
F/2020/1414	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	247,06
F/2020/1415	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	29,38
F/2020/1416	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	11,29
F/2020/1417	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	13,77
F/2020/1418	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	0,94
F/2020/1419	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	4,10
F/2020/1421	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	115,54
F/2020/1422	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	79,73
F/2020/1423	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	23,21
F/2020/1424	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	83,50
F/2020/1425	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	31,19



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

F/2020/1426	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	5,94
F/2020/1427	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	163,77
F/2020/1428	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	176,03
F/2020/1429	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	13,90
F/2020/1430	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	65,88
F/2020/1431	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	50,84
F/2020/1432	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	68,58
F/2020/1433	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	97,24
F/2020/1434	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	169,12
F/2020/1435	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	128,08
F/2020/1436	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	131,02
F/2020/1437	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	61,21
F/2020/1438	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	101,66
F/2020/1439	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	4,89
F/2020/1440	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	9,23
F/2020/1441	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	44,07
F/2020/1442	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	30,07
F/2020/1443	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	578,66
F/2020/1444	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	5,87
F/2020/1445	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	29,72
F/2020/1446	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	57,90
F/2020/1447	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	59,07
F/2020/1448	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	130,45
F/2020/1449	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	91,46
F/2020/1450	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	89,67
F/2020/1451	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	128,95
F/2020/1452	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	93,27
F/2020/1453	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	20,46
F/2020/1454	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	20,93
F/2020/1455	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	80,77
F/2020/1456	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	143,70
F/2020/1457	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	202,75
F/2020/1458	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	70,08
F/2020/1459	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	173,13
F/2020/1460	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	81,05
F/2020/1461	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	17,96
F/2020/1462	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	318,46
F/2020/1463	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	36,12
F/2020/1464	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	94,76
F/2020/1465	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	83,47
F/2020/1466	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	5,43
F/2020/1467	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	49,65
F/2020/1468	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	85,87
F/2020/1469	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	115,65
F/2020/1470	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	209,71
F/2020/1471	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	6,64
F/2020/1472	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	241,60
F/2020/1473	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	309,94
F/2020/1474	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	341,37
F/2020/1475	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	46,26
F/2020/1476	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	61,88
F/2020/1477	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	49,38
F/2020/1478	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	35,55
F/2020/1479	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	68,23
F/2020/1480	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	6,33
F/2020/1481	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	14,73
F/2020/1482	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	23,46
F/2020/1483	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	191,69



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

F/2020/1484	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	237,89
F/2020/1485	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	97,48
F/2020/1486	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	263,97
F/2020/1487	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	137,66
F/2020/1488	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	150,95
F/2020/1489	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	22,95
F/2020/1490	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	43,23
F/2020/1491	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	105,05
F/2020/1492	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	17,52
F/2020/1493	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	35,19
F/2020/1494	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	16,00
F/2020/1495	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	52,97
F/2020/1496	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	2,50
F/2020/1497	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	25,53
F/2020/1498	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	76,99
F/2020/1499	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	4,63
F/2020/1500	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	68,49
F/2020/1502	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	170,72
F/2020/1503	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	87,54
F/2020/1504	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	200,61
F/2020/1505	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	111,91
F/2020/1506	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	142,21
F/2020/1507	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	368,47
F/2020/1508	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	56,36
F/2020/1509	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	207,56
F/2020/1510	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	139,31
F/2020/1511	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	230,23
F/2020/1512	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	108,69
F/2020/1513	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	195,02
F/2020/1514	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	59,11
F/2020/1515	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	104,91
F/2020/1516	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	48,68
F/2020/1517	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	24,26
F/2020/1518	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	40,05
F/2020/1519	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	25,85
F/2020/1520	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	72,79
F/2020/1521	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	34,58
F/2020/1522	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	16,11
F/2020/1523	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	1,40
F/2020/1524	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	12,38
F/2020/1525	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	2,36
F/2020/1526	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	35,99
F/2020/1527	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	7,56
F/2020/1528	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	94,97
F/2020/1529	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	22,32
F/2020/1530	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	220,86
F/2020/1531	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	137,59
F/2020/1532	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	281,19
F/2020/1533	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	33,67
F/2020/1534	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	300,10
F/2020/1535	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	67,00
F/2020/1536	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	257,42
F/2020/1537	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	93,13
F/2020/1538	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	290,44
F/2020/1539	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	136,38
F/2020/1540	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	5,64
F/2020/1541	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	50,66
F/2020/1542	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	86,43



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

F/2020/1543	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	64,21
F/2020/1544	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	38,71
F/2020/1545	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	45,93
F/2020/1546	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	1,80
F/2020/1547	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	18,76
F/2020/1548	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	62,33
F/2020/1549	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	53,06
F/2020/1550	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	40,44
F/2020/1551	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	2,25
F/2020/1552	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	18,73
F/2020/1553	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	330,56
F/2020/1554	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	67,12
F/2020/1555	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	155,05
F/2020/1556	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	9,30
F/2020/1557	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	492,08
F/2020/1558	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	18,53
F/2020/1559	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	153,28
F/2020/1560	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	149,48
F/2020/1561	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	29,32
F/2020/1562	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	219,16
F/2020/1563	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	54,30
F/2020/1564	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	8,25
F/2020/1565	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	15,15
F/2020/1566	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	54,12
F/2020/1567	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	11,99
F/2020/1568	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	75,49
F/2020/1569	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	42,79
F/2020/1570	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	32,13
F/2020/1571	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	26,09
F/2020/1572	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	39,53
F/2020/1573	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	70,34
F/2020/1574	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	33,28
F/2020/1575	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	30,60
F/2020/1576	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	117,01
F/2020/1577	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	94,51
F/2020/1578	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	39,89
F/2020/1579	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	1,33
F/2020/1580	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	16,92
F/2020/1581	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	43,63
F/2020/1582	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	37,76
F/2020/1583	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	32,95
F/2020/1584	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	22,31
F/2020/1585	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	77,72
F/2020/1586	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	44,72
F/2020/1587	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	36,02
F/2020/1588	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	9,49
F/2020/1589	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	98,40
F/2020/1590	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	65,00
F/2020/1591	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	4,51
F/2020/1592	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	22,63
F/2020/1593	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	5,30
F/2020/1594	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	30,55
F/2020/1595	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	107,82
F/2020/1596	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	45,98
F/2020/1597	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	181,08
F/2020/1598	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	7,41
F/2020/1599	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	17,28
F/2020/1600	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	34,10

F/2020/1601	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	78,48
F/2020/1602	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	276,38
F/2020/1603	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	71,21
F/2020/1604	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	2,94
F/2020/1605	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	24,51
F/2020/1606	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	74,22
F/2020/1607	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	28,10
F/2020/1608	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	24,26
F/2020/1609	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	4,82
F/2020/1610	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	185,02
F/2020/1611	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	25,36
F/2020/1612	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	7,60
F/2020/1613	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	13,37
F/2020/1614	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	116,06
F/2020/1615	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	26,85
F/2020/1616	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	307,75
F/2020/1617	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	79,33
F/2020/1618	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	204,87
F/2020/1619	13/06/2020	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	19,75
F/2020/1819	03/07/2020	B70449137	DIMALNOX, S.L.	13.587,57
F/2020/2093	03/08/2020	B27829696	RADIOSPECTRUM NETWORKS, S.L.	223,85
F/2020/2273	02/09/2020	B15271042	PROTEL SISTEMAS DE SEGURIDAD, S.L.	145,20
F/2020/2438	23/09/2020	B15864192	DISCOFERRO GALICIA, S.L.	68,97
F/2020/2638	20/10/2020	B70078514	NARON SERVICIOS DE MEDIOAMBIENTE, S.L.	3.388,00
F/2020/2703	14/10/2020	32789265M	GONZALEZ MENDEZ MANUEL	62,47
F/2020/3130	16/12/2020	B15359383	AUGASERVI, S.L.	107.561,76
F/2020/3184	21/12/2020	B37522448	ECOTISA UNA TINTA DE IMPRESIÓN S.L.U.	17,42
F/2020/3200	23/12/2020	B15488356	PINTURAS Y DISTRIBUCIONES PROINDE, S.L.	13,04
F/2020/3214	23/12/2020	B27195148	ESTURION GALICIA S.L.	58,08
F/2020/3232	28/12/2020	B15395742	AUTO-TALLER UVEDOBLE, S.L.	35,70
F/2020/3234	28/12/2020	J70196100	BARBEITO Y LOPEZ S.C.	518,18
F/2020/3235	28/12/2020	J70196100	BARBEITO Y LOPEZ S.C.	136,03
F/2020/3249	29/12/2020	B15359383	AUGASERVI, S.L.	19,20
F/2020/3257	29/12/2020	V15749492	INICIATIVAS DEPORTIVAS Y DE OCIO DE CAMBRE, A.I.E.	1.528,13
F/2020/3269	31/12/2020	A28517308	EULEN, S.A.	305,13
F/2020/3294	30/12/2020	46898812H	VALDUEZA BERMUDEZ, RAQUEL	50,00
			TOTAL	145.626,47 euros

Terceiro.- Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes.

Cuarto.- Dese traslado aos departamentos afectados para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar o reparo emitido pola intervención co fin de que estes non se repitan.

1.3. Aprobación, se procede, do expediente de contratación, por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), do servizo de axuda no fogar do Concello de Cambre

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 18 de xaneiro de 2021, que consta do seguinte teor literal:

«Con data 1 de outubro de 2020 elabórase pola coordinadora de Servizos Sociais municipal o estudo de custos para a determinación dos prezos unitarios por hora de traballo, e custo total anual do servizo a desenvolver.

Con data do 30 de decembro de 2020, asínase pola coordinadora de Servizos Sociais municipal a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento, para a contratación da prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Cambre.

Nesa mesma data, elaborouse pola coordinadora de Servizos Sociais municipal o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, condicións especiais de execución de carácter social e obrigas esenciais do contrato, e réxime de penalidades e sancionador para a contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Cambre .

Con data do 31 de decembro de 2020, asínase pola coordinadora de Servizos Sociais municipais o prego de prescricións técnicas regulador da prestación do servizo, para un período de dous anos, prorrogables anualmente por outros dous anos máis.

Consta documento de retención de crédito emitido pola Intervención municipal e asinado o 13 de xaneiro de 2021, respecto da existencia no orzamento de 2021 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 231.22799 (1.232.060,72 euros para o 2021).

Visto o informe emitido pola secretaria xeral e interventor municipal, de data 18 de xaneiro de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, en uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a atribución de competencias en materia de Contratación que atribúen ás entidades locais os puntos 1 e 2 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para desenvolver unha prestación coa que o concello está a cumprir coas competencias establecidas no artigo 25.2 e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (o concello exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: "... avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social..."), ademais de cumprir co establecido na Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia e no artigo 9 do Decreto 99/2012 polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, que contempla entre os programas e servizos comunitarios básicos cuxa prestación corresponde ás administracións locais, o servizo de axuda no fogar, quedando acreditada a necesidade da contratación para cumprir cos fins institucionais, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido nos artigos 1, 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 .

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2020/C004/000011 por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- | | |
|---------------------------------|---|
| - Obxecto do contrato: | Servizo de axuda no fogar do Concello de Cambre |
| - Orzamento base de licitación: | 2.464.121,44 euros |
| - Valor estimado: | 5.114.735,30 euros |
| - Duración: | 2 anos, podendo prorrogarse anualmente por anos sucesivos e nas mesmas condicións ata 2 anos máis |

isto en aplicación do establecido nos artigos 131 e 156 ao 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, e artigo 324 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, por

canto, para a valoración das proposicións e a determinación da oferta que conteña a mellor relación calidade-prezo, deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, e non só ao seu prezo.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 231.22799, para o ano 2021 por importe de 1.232.060,72 euros, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, se establece a improcedencia da revisión de prezos, polo que o prezo do contrato non sufrirá variación ningunha durante a súa vixencia, agás o previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto das variacións por incremento no número de horas realmente executadas ata o 10% do prezo do contrato, e as modificacións contractuais non previstas do artigo 205 da LCSP.

Quinto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea, e máis no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co disposto polos artigos 135 e 63 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, e na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares, con publicación neste último dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.

Sexto: Delegar na Alcaldía, en aplicación do establecido no artigo 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e artigo 63.3 do Regulamento orgánico municipal, todos aqueles trámites preceptivos e de impulso ata a formalización do contrato.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de xaneiro de 2021.

Concedida a palabra a dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada de Benestar Social, explica que se trae a este pleno a proposta de aprobación do expediente de contratación, por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, con pluralidade de criterios de adxudicación, do servizo de axuda no fogar do Concello de Cambre. Este servizo, categorizado como esencial, previsible e periódico, con máis de 130 persoas usuarias neste concello, regulado pola Orde do 22 de xaneiro de 2009 de Galicia, que ten como obxectivo principal apoiar ás persoas usuarias nas tarefas elementais da vida cotiá, que non poden realizar polos seus propios medios, co fin de facilitarlles a permanencia nos seus domicilios.

Di que este contrato licítase por catro anos (2+2). O orzamento base de licitación do contrato, que son dous anos, é de 2.464.122,44 euros, e executándose as prórrogas ten un valor estimado de 5.114.735,30 euros, co cal ao ano o valor é de 1.232.060,72 euros.

O aumento do orzamento do servizo, maiormente é polos gastos de todos os recursos e ferramentas necesarios derivados do covid e pola mesma causa modifícase do prego do contrato anterior a localización do local da empresa adxudicataria, debendo estar o local no termo municipal de Cambre.

Cabe destacar os criterios para a adxudicación do contrato que son de dous tipos, os criterios non valorables matematicamente, ata 25 puntos, onde se atopa o plan de formación anual do persoal; e os criterios valorables matematicamente, ata 75 puntos, os cales son o prezo ofertado á baixa sobre o tipo de licitación (ata 35 puntos), melloras ofertadas respecto das axudas técnicas mínimas esixidas (ata 20 puntos), melloras ofertadas respecto da organización do servizo (ata 6 puntos) e melloras ofertadas na prestación respecto das necesidades en vivenda e tempo de dedicación ao servizo (ata 14 puntos), dándolle maior puntuación á calidade do servizo coas melloras técnicas e de xestión fronte ao prezo/hora.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, manifesta que entran neste asunto que se trae na orde do día, o que é a aprobación do expediente de contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Cambre, e dende o PP ven que é un expediente que conta co estudo económico, informe favorable da coordinadora de Servizos Sociais, tamén conta co informe favorable da Secretaría e Intervención municipais,

que avalían a elección do procedemento aberto, pese a ser un contrato suxeito a regulación harmonizada, sen que os criterios avaliados, segundo se lles está explicando, mediante xuízos de valor, superen o 25% do total, e no que os criterios de adxudicación do contrato presentan unha mellor relación calidade/prezo.

Si que é certo, que dende o Grupo Municipal Popular comparten a necesidade de celebrar un contrato para regular esa situación anormal que está vivindo o Concello de Cambre dende o ano 2018, trátase de desenvolver unha prestación na que o Concello de Cambre cumpre coas competencias establecidas no artigo 25.2 da Lei 7/1985 de bases do réxime local. Avaliación e información de situacións de necesidade social e sobre todo a atención inmediata a persoas en risco de exclusión social, cumprindo así, ademais, coas normas autonómicas en materia de Servizos Sociais.

Se ben é certo que á vista de toda a documentación que se ten achegado a este expediente tense producido unha mellora, iso hai que recoñecerlo, xa que o Concello de Cambre non ten contrato, ou o contrato que ten actualmente para a prestación dese servizo atópase actualmente en precario dende o 2018, é dicir, atópanse nunha situación de precariedade dende hai dous anos nun servizo que consideran fundamental para os veciños, non obstante, entenden que pola entidade do montante, que como acaba de dicir a concelleira ten un orzamento base de licitación de case 2 millóns e medio, pero un valor estimado de máis de 5.100.000 euros, a duración que é de 2 anos máis 2, botan en falta que tería sido necesario establecer outra serie de mecanismos para o seu correcto seguimento e o control do cumprimento efectivo, razón pola cal o voto do PP nese sentido vai ser a abstención.

Conclúe dicindo que, recoñecendo que se ten producido unha mellora, porque por fin van ter un contrato, pero que tería sido necesario arbitrar esas outras puntualizacións que acaba de referir, co cal o voto do PP vai ser a abstención.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que dicía a concelleira do Partido Socialista, a concelleira de Benestar Social, na súa intervención inicial que o punto a debate na orde do día que están a tratar, que este servizo no Concello de Cambre é un servizo esencial, previsible e periódico. Se este servizo é efectivamente esencial, previsible e periódico non é de recibo, non ten fácil entendemento telo 2 anos e medio total e absolutamente caducado, xa que a anterior contrata saíu a licitación en outono do ano 2016 e caducou en outono do ano 2018.

El cre honradamente, máis aló das disidencias políticas e das confrontacións que poidan ter, que están nunha sesión pública, nunha sesión telemática, pero ao fin e ao cabo nunha sesión pública do Pleno da Corporación municipal, e non xa eles, os membros que están na oposición, senón o conxunto de veciños e veciñas de Cambre que poden estar a seguir esta sesión, merecerían unha explicación.

Moitas veces o equipo de goberno, de xeito recorrente, asenta, sementa as súas iniciativas nos criterios técnicos, nas opinións, nos pareceres, no traballo do persoal funcionario do Concello de Cambre. Non sabe se neste caso tamén o atraso de 2 anos e medio é polo traballo dos funcionarios dos Servizos Sociais do Concello de Cambre, supón que non, e como supón que non, supón que lle corresponde á oposición facerlle ver ao conxunto da sociedade, a este equipo de goberno, que ten unha responsabilidade que non se pode obviar no atraso do que é o contrato máis importante do Concello de Cambre, o contrato máis substancial dende o punto de vista económico, pero tamén e sobre todo dende o punto de vista social.

Están a falar, como moi ben dicía a concelleira Lúa Sanguñedo, dun contrato esencial, previsible e periódico, que para o BNG sobre todo é esencial dende o punto de vista social, dende o punto de vista humano.

Di que o BNG trae a este pleno unha moción reclamando que o Concello de Cambre incorpore a contratos como este un protocolo de covid 19 propio. O porqué é porque ven que o cumprimento estrito, por así dicilo, mínimo, da normativa vixente, non está a solucionar os problemas da pandemia que se están a rexistrar no Concello de

Cambre. E neste caso non están a falar de problemas de roturas de tubos ou de falta de iluminación nos farois no Paseo Marítimo, están a falar dunha cuestión moi grave, do dereito á saúde, do dereito á vida de moitos dos cidadáns.

A eles cóstanlles queixas por parte de veciños e veciñas de Cambre por situacións que tristemente se deron de contaxios derivados da presenza no seu fogar dos profesionais, das profesionais, maiormente mulleres, do servizo de axuda no fogar. Unha cuestión que loxicamente lle pode pasar a calquera, pero que como administración pública lles compete tentar minorar o máximo posible, e poder facelo con algo tan sinxelo como aplicando un protocolo covid nas contratacións, nas concesións municipais que vaia máis aló do mínimo que dita a lei.

Continúa dicindo que nese sentido a propia concelleira, e voceira neste caso do equipo de goberno, acaba de dicir publicamente que se incorporan medidas que contemplan a realidade coronavírica, pandémica que están a vivir, e o BNG dálles total e absolutamente a benvida.

Dicía tamén, e é certo, o BNG niso tamén quere ser claro, por suposto que si, que iso supón unha alza no prezo de licitación.

Simplemente o BNG considera que sería bo, que sería positivo, que este contrato saíse adiante acompañado dun protocolo o máis esixente, o máis exhaustivo, o máis completo e o máis garante para os veciños e veciñas usuarios do servizo de axuda no fogar. Sería positivo, dende logo que si, para os usuarios, pero sería igualmente máis positivo para os propios traballadores e traballadoras do servizo, e dende logo para o Concello de Cambre como administración. Insisten, o BNG considera que neste prego que hoxe se saca deberían ir maiores medidas vinculadas ao covid 19.

Conclúe dicindo que consideran tamén que é necesario, que costa moi pouco dar unha explicación de por que se chega cun contrato vencido e a partir de aí, con ánimo total e absolutamente construtivo, nun momento tan complexo como o que están a vivir, o voto do BNG vai ser a abstención.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, manifesta que o seu voto neste caso vai ser a prol, porque consideran que é un servizo esencial, ten todos os informes favorables e ademais supón unha mellora do que xa había. Un servizo que non pode estar en precario 2 anos como leva este.

O que si queren é esixir, tanto ao Goberno como incluso á oposición, estar enriba da empresa e esixir que cumpra todos os compromisos obtidos unha vez saia a adxudicataria.

Despois só unha dúbida, que non sabe se é que non o viu ou que non aparece. Pregunta se, por exemplo, se recolle un amparo como por exemplo para que non pasase o mesmo que pasou no seu momento cos conserxes do campo de fútbol para o caso de que a empresa tivese problemas. Se se subrogarían os traballadores e demais.

Conclúe dicindo que, quitando iso, o seu voto será favorable.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común e integrante do Grupo Mixto, expón que, efectivamente, o servizo do que se trata, o servizo de axuda no fogar, non no Concello de Cambre, senón en termos xerais, como dicía Daniel Carballada hai un momento, fundamentalmente é esencial.

Están falando, e non quere desmerecer á reparación dun farol nun momento determinado, pero están falando de servizos que afectan á dignidade, ao coidado e á parte máis social e máis delicada do ámbito dos servizos sociais.

Di que neste caso o servizo de axuda no fogar adoeceu de grandes defectos, de importantes fallos, de desatencións graves de persoas dependentes, con situacións persoais en moitos casos dramáticas, que sufriron a consecuencia, en canto entrou o covid nas nosas vidas, sufriron a consecuencia da precariedade neste servizo, da precariedade no contrato do servizo de axuda no fogar.

Esa precariedade é o que veñen explicando en moitas ocasións. Esa precariedade nas contratacións, esa precariedade nos servizos que se prestan a unha administración pública, a unha entidade local como é o Concello de Cambre, en épocas de normalidade, en épocas en que todo flúe con normalidade, non necesariamente teñen por que amosar os seus defectos. A cousa funciona e vai tirando perfectamente.

Di que ninguén contaba cunha pandemia, efectivamente, pero vale para que moitas das intervencións que levan repetindo durante moitísimo tempo, porque este Goberno non está na primeira lexislatura, está na segunda, e levan moito tempo dicíndolles que a regularización dos contratos e a normalización e arranxo dos contratos e dos servizos que se están prestando en Cambre en precario debería ser un acto urxente no noso concello, e non o foi e non o é.

Sobra dicir que hai moitos deles que se están regularizando, só faltaría, vailles no soldo e vailles no traballo, como é lóxico, tampouco é para dar palmas, pero si que se tería que ter priorizado. E sobre todo concorda con Daniel Carballada neste caso concretamente, no caso do servizo de axuda no fogar como servizo esencial.

O atraso na regularización deste contrato deixou de manifesto a desorganización do equipo de goberno en regularizar estas situacións e en non priorizar a solución da precarización de servizos, neste caso de Servizos Sociais.

Di que apoia a protocolarización da que falaba o Sr. Carballada. Entende que é necesario, é imprescindible nos tempos que corren, tampouco saben cara a onde se vai e en que situación se vai estar, e esa protocolarización e adaptación á situación covid dentro deste expediente de contratación, seguramente agrandaría a capacidade do propio contrato.

Conclúe dicindo que o seu voto, aínda así, será favorable.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, concelleira de C's e integrante do Grupo Mixto, manifesta que xa se ten dito todo. O servizo de axuda no fogar é moi importante en calquera concello.

Di que quere apoiar todas as palabras que dixo o Sr. Carballada porque teñen vivido algún caso onde parece mentira que, sendo un persoal enviado polo concello, se atopen con casos de contaxios do persoal que vai de axuda no fogar ás persoas que a necesitan, persoas que son de alto risco. Persoalmente coñece algún caso e preocúpalle porque non sabe se se ten pescudado ou non que puido suceder para que unha persoa que é positiva en covid, que traballa no servizo de axuda no fogar, acuda a un domicilio e se poña en risco aos usuarios.

Continúa dicindo que isto que se vai aprobar agora, ten razón o Sr. Carballada cando di que esixe un protocolo. Esíxeo sobre todo nos momentos nos que están, porque isto hai que previlo e cre que non o teñen previsto de cara a un futuro, non soamente polo momento que se está a vivir, senón polo que se vai vir enriba.

Conclúe dicindo que o seu voto vai ser a abstención, pero pediríalles reiteradamente que aceptasen a proposta do Sr. Carballada e creasen ese protocolo, porque o concello é o que debe velar polos cidadáns, e non facer unha xestión medianamente incompleta, podendo poñer en risco a saúde dos veciños.

Concedida a palabra a dona Lúa Sanguñedo Álvarez, indica que sobre o tema de que leva dende outono do 2018 en precario, ela ten coñecemento dende que entrou nesta lexislatura no 2019. Cónstalle, por parte da

coordinadora de Servizos Sociais, neste caso da Área de Benestar Social, que estaba traballando xa dende o ano 2018.

Di que este contrato é moi complicado. Este contrato supón un estudo económico de moitas cousas, moitas melloras e despois xa tiñan o contrato en 2019 para que saíra, pero aconteceu esta pandemia de covid que atrasou todo.

Repíte que se fixo un estudo económico e que este contrato leva moito tempo traballándose nel. Non foi deixamento por parte dos técnicos, nin por parte do Goberno. Non é por ampararse contra o covid, pero a cuestión é que foi atrasándose niso. Aínda así, esta vez puido saír e agardan que saia o mellor posible e que todas as deficiencias que puideron atopar nesa xestión sexan sempre mellorables e sempre beneficiosas para os veciños e veciñas de Cambre.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López expón unha pequena cuestión. Di que cando debaten un punto da orde do día fan preguntas á concelleira, e fanse en toda esta rolda de intervencións dende o Grupo Popular, dende Alternativa, dende o Bloque, ela mesma ou Ciudadanos. Todos fixeron preguntas e existe como unha especie de norma consuetudinaria, non escrita, que é que non contesten ás preguntas, é dicir, manifestaron o voto, pero hai unha serie de preguntas no aire.

Tamén como se comentaba con anterioridade, este é un acto público e ela entende que Lúa agora mesmo fixo unha intervención pechando a súa quenda. Está no seu dereito de facelo, pero todas as preguntas que lle fixeron a ela certamente, perdón pola dureza da expresión, pero parécelle unha falta de respecto non contestar a todas esas preguntas por parte da concelleira.

Di que se preguntou polo tema do covid, de contaxios, dun protocolo que se puxo enriba da mesa, e ela pediría que antes de proceder á votación, se hai unha serie de preguntas, se hai algo que non se pode contestar polo motivo que sexa tamén se pode dicir, mira esta pregunta non a podo contestar porque non a sei, pero hai unha serie de preguntas que dá por feito que están no coñecemento e no saber da concelleira propoñente e que sería unha cuestión dunha deferencia cara aos grupos da oposición que fan preguntas dentro do seu labor de fiscalización.

Conclúe dicindo que pediría, por favor, que se conteste ás preguntas.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex explica que ían intervir precisamente pola contestación que se lles deu por parte da concelleira da Área de Benestar Social.

Di que o feito de que a contratación sexa unha contratación difícil e que necesita dun estudo pormenorizado, non o van discutir, evidentemente, pero non é unha razón para ter tardado máis de 2 anos e medio, como dixeron outros compañeiros de Corporación que o precederon na quenda de palabra, para que haxa estado estes 2 anos e medio o contrato en situación de precariedade.

Sobre todo, e coincidindo tamén co resto de compañeiros, ao ser un servizo que consideran esencial, e así o consideraba o PP durante o principio da pandemia, porque se en algo teñen sido pesados os concelleiros do PP é durante os meses nos que as sesións dos órganos colexiados estiveron suspendidas, case 4 meses dende o inicio da pandemia, preguntaban precisamente sobre cal era a situación do servizo de axuda no fogar que a eles tamén lles estaba chegando era deficitario respecto dos usuarios.

Por iso consideran que si é necesario que se regularice a situación que era absolutamente irregular, e por iso consideran que é unha mellora, a pesar de todo, e o seu voto vai ser a abstención.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que dende o BNG agradecen as explicacións

da concelleira, pero non poden estar de acordo con elas. Non lles parece de recibo ter que agardar máis de un ano e medio a que este contrato saia adiante. Entenden que non é politicamente xustificado, e no que insisten é na necesidade, que poñen enriba da mesa, de elaborar e incorporar a este tipo de procedementos un protocolo que os protexa a todos, ao concello como administración, ás traballadoras como forza laboral desta concesión, á empresa á hora de ter maior seguridade xurídica e menos complicacións e, por suposto, aos veciños e veciñas de Cambre.

Di que se polos motivos que sexa o equipo de goberno, que ten unha maioría neste pleno e loxicamente bebe da lexitimidade das urnas, non considera adecuado levalo a cabo, o menos que pode facer, ao seu modo de ver, é explicalo nun pleno a preguntas e requirimentos, felizmente non unicamente do BNG, senón de varios grupos máis desta Corporación.

E finalmente, di que o BNG quería tamén, na liña do que dicía a compañeira Olga Santos, de EU, ao respecto das preguntas non respondidas, engadir unha, que eles en parte xa saben, pero que loxicamente lles gustaría que se explicara nunha sesión como esta, que é saber que horizonte temporal hai para que un contrato destas características sexa efectivo a todos os efectos. É dicir, canto tempo resta dende o día 28 de xaneiro para que esta contrata entre en vigor, entre en servizo, porque mentres seguirán durante estas semanas ou meses en precario.

Ao seu modo de ver, e segundo de maneira implícita se acaba de recoñecer, estanse a incorporar unhas cláusulas, que na opinión do BNG son parciais, vinculadas á covid na nova contratación que non se están a efectivizar nun servizo que se está prestando día a día no Concello de Cambre.

Queren saber que proxección de tempo ten este contrato para que entre en vigor, porque mentres seguirán cun servizo total e absolutamente en precario que, ao seu modo de ver, se o novo contrato non reúne os requisitos para afrontar a covid 19, ese servizo que se está prestando en precario a día de hoxe, moitísimo menos.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío recalca que o seu voto vai seguir sendo favorable, pero si que é verdade que, unha vez máis, entre comiñas, aínda que non directamente cúlparse ao covid, cando é un contrato longo, vencido no 2018, levado por unha concellería do Partido Socialista, e simplemente recalcar que nun contrato desta magnitude, tan grande, sábese exactamente cando vai acabar, cando vai vencer, e entón xa tes que ser previsor e ter preparado unha nova licitación.

Conclúe dicindo que confían en que esta falta de previsión política non volva suceder, simplemente recalcar iso.

Concedida a palabra a dona Lúa Sanguiñedo Álvarez manifesta que respecto do tema da pregunta do protocolo que facían tanto o BNG como EU e Cidadáns non é que non queira contestar á pregunta, senón que como hai unha moción que presenta o BNG, non quere baleirar a contestación desa moción. Non ten ningún problema en facelo agora se queren, pero era simplemente por respectar ao BNG, xa que presenta unha moción neste pleno.

Di que tamén preguntaban canto tempo tardará, máis ou menos, en facerse efectivo este contrato, e dilles que máis ou menos dous meses e medio.

Conclúe dicindo que se queren facer máis alusión ao tema do protocolo e baleirar así o contido da moción, por ela non hai ningún problema, pero é para non facer unha falta de respecto ao BNG.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguiñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela

Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común). Abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por quince votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.4. Aprobación, se procede, do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”

Vista a proposta da Alcaldía, de data 18 de xaneiro de 2021, que consta do seguinte teor literal:

«O goberno municipal de Cambre propón ao Pleno da Corporación a aprobación dun paquete de actuacións financiadas con cargo ao Plan de Obras e Servizos (POS+) do ano 2021 cuxas bases foron publicadas no BOP número 205 do 1 de decembro de 2020.

O Concello de Cambre ten unha asignación para o POS + 2021 dun total de 809.825,85 €, correspondendo 391.559,41 € á “achega provincial 2021”, 325.038,01 € a “Achega provincial 2020” e 93.228,43 € a “Préstamo provincial 2020”.

Segundo o disposto na base 2.1 das reguladoras do Plan, en primeiro lugar, os concellos deberán obrigatoriamente destinar a cantidade asignada neste Plan en concepto de “achega provincial 2020” e “achega provincial 2021” ao pago das súas débedas con provedores cuxas facturas de importe igual ou superior a 100,00€ (IVE engadido), teñan data de entrada no Rexistro Xeral do Concello ata o 30 de xuño de 2020, este incluído, que estean pendentes de pago no momento de elaboración do informe que para estes efectos emita a Intervención do concello, separando as facturas que se imputan ao capítulo II do orzamento municipal e as que se imputan ao capítulo VI. No caso de que o concello teña débedas con provedores con estes requisitos, deberá aplicar ao seu financiamento, en primeiro lugar a “achega provincial 2020”, ata esgotala, e posteriormente, deberá aplicarse a “achega provincial 2020” ata esgotala tamén, coa única excepción que se indica no penúltimo parágrafo da Base 2.1 (cando o importe destas débedas do concello con provedores sexa moi elevado, e coa finalidade de que o concello poida dar resposta á situacións especiais e singulares, o concello poderá solicitar de forma debidamente xustificada, a aplicación de ata o 25 % da suma de “Achega provincial 2020” e “achega provincial 2021” para o financiamento de investimentos necesarios, urxentes e inaprazables, sempre que teñan a condición de financeiramente sostibles). Por outra banda, o concello tamén poderá, voluntariamente, destinar as ditas achegas provinciais 2020 e 2021 ao financiamento doutras facturas con data de entrada no Rexistro Xeral do concello posterior ao 30 de xuño de 2020 que estean pendentes de pago no momento da elaboración do referido informe.

A cantidade restante poderá destinala cada concello a os outros obxectos, segundo corresponda polo tipo da achega principal:

- Gasto corrente: O concello poderá destinar a “achega provincial 2021” ou excepcionalmente a “achega provincial 2020” no suposto previsto no último parágrafo da Bases 2.2 , ao financiamento dos seus gastos correntes orixinados polos servizos de competencia municipal obrigatorios do exercicio 2020, sen límite ningún.
- Realización de investimentos: O concello poderá destinar a “achega provincial 2021” a “achega provincial 2020” ao financiamento de obras ou subministracións de competencia municipal ou a investimentos financeiramente sostibles. Cada investimento deberá imputarse soamente a un destes tipos de achega provincial, sen que para estes efectos poidan sumarse as distintas achegas.
- Redución da débeda do concello con entidades financeiras: No caso de que o concello solicite préstamo provincial 2021 poderá aplicalo unicamente a reducir o seu endebedamento con entidades financeiras conforme ao establecido na base 2.4.

A proposta presentada inclúe as seguintes actuacións:

- Destinar a totalidade do importe correspondente á “Achega 2020” (325.038,01 €) aos investimentos financeiramente sostibles, que se indica a continuación:

Denominación	Importe (IVE engadido)
MELLORA FUNCIONAL DO ESPAZO EXTERIOR DO CENTRO SOCIAL DE PRAVIO. CAMBRE	34.994,31 €
MELLORA DE ACCESIBILIDADE E Y SEGURIDADE PEONIL NAS BEIRARRÚAS DA RÚA CAMBRE-TEMPLE E CALLE CARBALLO. CAMBRE	40.000,00 €
REORDENACIÓN DO ENTORNO DO PARQUE INFANTIL DA RÚA FRANCISCO RODRÍGUEZ. CAMBRE	69.802,41 €
REORDENACIÓN DA RÚA MARÍA MARIÑO. CAMBRE	124.479,66 €
MELLORA DE LA ACCESIBILIDADE EN EL ENTORNO DA ESCOLA DE MÚSICA SEMENTEIRA DE SIGRÁS, CAMBRE	57.310,89 €
REMODELACIÓN DE LA PARADA DE BUS DE LA CALLE TAPIA. CAMBRE	35.717,93 €

Estes investimentos ascende a un total de 362.305,20 €, polo que o Concello de Cambre deberá facer unha achega económica de 37.267,19 € na obra de “Mellora da Accesibilidade no entorno da escola de música Sementeira de Sigrás” .

- Destinar o importe restante da asignación da “Achega 2021” (391.559,41 €), a gasto corrente.
- Destinar a case totalidade da asignación do “Préstamo provincial 2021” (93.228,43 €), por importe de 93.228,00 € á redución das débedas do concello con entidades financeiras.

Ademais, as bases reguladoras do POS + 2021, establecen a obriga para os Concellos de solicitar “investimentos financeiramente sostibles” dentro do Plan Complementario, por un importe mínimo do 50% da suma dos tres tipos de achegas provinciais, isto é, como mínimo 404.912,92€, facéndose proxectos por un importe de 448.822,45 €.

Así, propónse como actuacións, os seguintes investimentos:

Denominación	Importe (IVE engadido)
REFORMA INTEGRAL DA PRAZA FERNANDO BUESA. CAMBRE	300.000,00€
MELLORA DE LA ACCESIBILIDADE NO ENTORNO DEL POLÍGONO DO TEMPLE, CAMBRE	148.822,45 €

Para a elección das actuacións, tívose en conta a enquisa xestionada pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, utilizada como instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades dotacionais básicas. En base a isto, as prioridades do Goberno Municipal son as de mellorar a accesibilidade para adaptarse ás esixencias da normativa e ir avanzando na eliminación dos déficits urbanos, así como facilitar o uso dos espazos públicos a toda a veciñanza do concello, tendo en conta especialmente os percorridos peonís e continuando coa mellora da pavimentación dos camiños e rúas municipais.

Para todas estas propostas comprobouse a dispoñibilidade e a titularidade municipal dos terreos. Con estes factores combinouse a necesidade das intervencións coa viabilidade, dando lugar ás propostas que se presentan.

Co proxecto denominado “*Mejora funcional del espacio exterior del centro social de Pravio. Cambre*” preténdese realizar as obras necesarias para recuperar, protexer e mellorar o espazo e as construcións auxiliares do centro social de Pravio. Proxectase a construción dunha estrutura de madeira para soportar un tellado que cubra e protexa o conxunto, con limpeza e consolidación dos muros de cachotería existentes, demolición dos elementos edificatorios que se realizaron co paso dos

anos, pero que non se corresponden coa tipoloxía edificativa do conxunto, e a cubrición do espazo para que mellore a súa utilidade funcional e faga máis versátil o seu uso.

En canto ao proxecto denominado “*Mejora de accesibilidade y seguridad peatonal en las aceras de la calle Cambre-Temple y calle Carballo. Cambre*” trátase dun proxecto básico e de execución para a mellora da accesibilidade e seguridade peonil, eliminación de barreiras arquitectónicas e dotación, ao ámbito definido polas beirarrúas da AC-214 e Rúa Carballo, dando continuidade espacial no tránsito peonil desde a praza recentemente creada na contorna da Rúa Balado ata a existente Praza Dr. Enrique Piñeiro Rodríguez. Proponse unha intervención que dote ao ámbito apuntado dunha beirarrúa continua desde a praza do Balado ata a praza do Dr. Enrique Piñeiro Rodríguez, inexistente a data de hoxe, eliminando as escaleiras de conexión actuais, reducindo a pendente da beirarrúa e eliminando á súa vez o perigoso cruzamento peonil na rúa Carballo no cal coinciden actualmente tráfico rodado e peonil. Proponse tamén a liberación de espazo destinado actualmente a aparcamento consecuencia do redimensionado do ancho de beirarrúa, co obxectivo de poder cumprir coa normativa de accesibilidade actual e dotala dun soto que permita realizar unha continuidade do mesmo cos espazos a ambos extremos do ámbito de actuación.

O proxecto denominado “*Reordenación del entorno del parque infantil de la calle Francisco Rodríguez. Cambre*”, ten por obxecto a renovación do pavimento da calzada e beirarrúas do entorno do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez en O Temple (Cambre), a través da execución dunha plataforma única nos tramos do perímetro do parque infantil, onde non estacionarán os vehículos a motor. No tramo de beirarrúa dos estacionamentos en oblicuo (frente a actual parada do bus), a solución consistirá en dar continuidade á baldosa hidráulica granallada de formigón de 60x40 cm que lle precede. Como complemento ás obras anteriores, executarase a renovación da rede de alumeadado público e a actualización da rede de pluviais á nova xeometría proxectada, así como coa instalación da nova sinalización horizontal e vertical, de mobiliario urbano e plantacións.

Pola súa parte, o proxecto “*Reordenación de la calle María Mariño. Cambre*” pretende levar a cabo a reordenación da rúa María Mariño, executando unha nova beirarrúa na marxe esquerda e unha nova pequena praza ao final da mesma na súa marxe dereita. Para a iluminación pública, expónse a execución dunha nova canalización para futuras actuacións e a recolocación de certos puntos de luz. Tamén se dispoñerá de novo mobiliario urbano e plantacións similares aos instalados en actuacións recentes próximas.

Co proxecto “*Mejora da accesibilidade en el entorno de la escuela de música Sementeira de Sigrás, Cambre*” preténdese levar a cabo a correcta reordenación da contorna da escola de música Sementeira, así como melloras de accesibilidade e seguridade viaria nas mesmas, conseguindo así unha continuidade nos itinerarios peonís e facelos cómodos, seguros e accesibles a todos os usuarios. Demolerase o pavimento existente fronte á escola de música dado que na actualidade está executada por unha celosía de plástico a cal supón graves problemas de resbaladividade para os usuarios da zona. Este pavimento será substituído por pavimento de formigón. Na zona oeste da escola de música executarase unha beirarrúa. Para salvar o desnivel existente nalgúns zonas será necesaria a execución dun pequeno dique, instalándose na súa coroa unha varanda. Instalaranse novos puntos de luz ao longo da calzada, construírse tamén un paso de peóns elevado e quedarán dúas zonas verdes para a plantación de especies vexetais.

E para rematar cos proxectos incluídos no plan principal, o proxecto denominado “*Remodelación de la parada de bus de la calle Tapia. Cambre*” consiste na remodelación da beirarrúa da marxe dereita da Rúa Tapia entre os números 19 e 23 co obxectivo de recolocar a parada de bus situada actualmente á altura do Nº17 da citada rúa. Esta solución supoñerá tamén a renovación dos pavimentos no tramo de actuación, dando continuidade ás novas beirarrúas de baldosa granallada recentemente executadas nas rúas adxacentes. Como complemento ás obras anteriores, procederase á renovación da rede de iluminación pública, á execución da nova sinalización necesaria, á instalación de novas plantacións e mobiliario urbano e ao traslado da marquesiña existente á nova localización.

Respecto aos proxectos que se propoñen incluír no POS + 2021 Complementario, o denominado “*Reforma integral de la plaza Fernando Buesa. Cambre*”, preténdese realizar a actuación necesaria para reformar de forma integral o parque urbano que se sitúa na praza Fernando Buesa, co fin de reordenala e mellorar os distintos espazos existentes, incorporando novas zonas e equipamentos, para o lecer e goce dos usuarios. Así se proxecta unha ampla zona de espaxamento, axardinada e arborizada, que sirva de nexo de unión dos diversos espazos creados, comunicándoos a través dun itinerario accesible integrado no propio parque, recolocando e mellorando o parque infantil, realizando unha nova instalación de calistenia, e construíndo unha pequena bancada na zona superior orientado ao sur

Tamén no POS + 2021 Complementario se inclúe o proxecto denominado “*Mejora de la accesibilidad en el entorno del Polígono del Temple, Cambre*” co que se vai a levar a cabo a execución de beirarrúas de 2 metros de ancho paralelas ás naves, nas zonas do Polígono do Temple que quedan sen urbanizar. Esta beirarrúa será de formigón armado fratasado, análoga ao resto das beirarrúas do polígono. Está previsto pavimentar toda a calzada cunha capa de 5 cm de D-12 e procederase a realizar a sinalización horizontal e reposición da vertical. Executaranse pasos de peóns elevados nos cruces e na rúa Francisco Añón e acondiciónasense as zonas verdes da contorna.

Tendo en conta o disposto no apartado 5.B.3.2 das bases reguladoras do Plan, solicitáronse todas as autorizacións necesarias para a execución dos proxectos segundo os correspondentes informes urbanísticos.

Tendo en conta todos estes razoamentos e logo de ver:

- Os informes urbanísticos emitidos polo arquitecto municipal con datas de data 13 e 14 de xaneiro de 2021.
- Os informes favorables relativos á dispoñibilidade de terreos emitidos conxuntamente pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal ou o arquitecto municipal xunto coa secretaria xeral do concello, emitidos con data do 18 de xaneiro de 2021.
- Os informes emitidos polo Interventor municipal de data 18 de xaneiro de 2021 relativos ao cumprimento da lexislación sobre prestamos e sobre os datos das débedas coas entidades financeiras a reducir.

En base ó anterior, propono ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS + 2021”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2021”, “achega provincial 2020” e “préstamo provincial 2021”:

A) Financiamento do pago a provedores:

Se parte de que a débeda con provedores quedará a cero trala aprobación dos expedientes de recoñecemento extraxudicial núm. 1 e 2/2021 que se elevan ó pleno ordinario de xaneiro de 2021.

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Subtotal pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	391.559,41 €
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	0,00 €
Subtotal gasto corrente	391.559,41 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021 Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
	0,00	0,00 €	0,00

Subtotal investimentos achega provincial 2021			0,00 €
--	--	--	---------------

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
MELLORA FUNCIONAL DO ESPAZO EXTERIOR DO CENTRO SOCIAL DE PRAVIO. CAMBRE	34.994,31 €	0,00 €	34.994,31 €
MELLORA DE ACCESIBILIDADE E Y SEGURIDADE PEONIL NAS BEIRARRÚAS DA RÚA CAMBRE-TEMPLE E CALLE CARBALLO. CAMBRE	40.000,00 €	0,00 €	40.000,00 €
REORDENACIÓN DO ENTORNO DO PARQUE INFANTIL DA RÚA FRANCISCO RODRÍGUEZ. CAMBRE	69.802,41 €	0,00 €	69.802,41 €
REORDENACIÓN DA RÚA MARÍA MARIÑO. CAMBRE	124.479,66 €	0,00 €	124.479,66 €
MELLORA DE LA ACCESIBILIDADE EN EL ENTORNO DA ESCOLA DE MÚSICA SEMENTEIRA DE SIGRÁS, CAMBRE	20.043,70 €	37.267,19 €	57.310,89 €
REMODELACIÓN DE LA PARADA DE BUS DE LA CALLE TAPIA. CAMBRE	35.717,93 €	0,00 €	35.717,93 €
Subtotal investimentos achega provincial 2020	325.038,01 €	37.267,19 €	362.305,20 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2021 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución de débeda
BANCO BILBAO ARGENTARIA, S.A.	0182 6244 0895 60244201	93.228,00 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		93.228,00 €

E) Resumo:

SUBTOTALS	Deputación	Concello	Total
A.- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020	0,00 €	0,00 €
	Achega 2021	0,00 €	0,00 €
B.- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	391.559,41 €	0,00 €
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)	0,00 €	0,00 €
C.- INVESTIMENTOS	Achega 2021	0,00 €	0,00 €
	Achega 2020	325.38,41 €	37.267,19 €
D. - REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2021	93.228,00 €	0,00 €
TOTAL	Achega 2021	391.559,41 €	0,00 €

	Achega 2020	325.38,41 €	37.267,19 €	362.305,20 €
	Préstamo 2021	93.228,00 €	0,00 €	93.228,00 €
	TOTAL	809.825,42 €	0,00 €	847.092,61 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
REFORMA INTEGRAL DA PRAZA FERNANDO BUESA. CAMBRE	300.000,00 €
MELLORA DE LA ACCESIBILIDADE NO ENTORNO DEL POLÍGONO DO TEMPLE, CAMBRE	148.822,45 €
TOTAIS	448.822,45 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2021, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á concellería-delegada da área de Urbanismo e Obras, para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 21 de xaneiro de 2021.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, explica que se expoñen aquí as actuacións financiadas con cargo ao Plan de obras e servizos, POS ano 2021. As bases foron publicadas no BOP núm. 205, o 1 de decembro de 2020.

En resumo este plan ten un crédito de 809.825,42 euros que se distribúe da seguinte forma: financiamento de gasto corrente, 391.559,41 euros; as achegas provinciais para investimentos suman 325.038,01 euros; e a redución da débeda con entidades financeiras, 93.228,00 euros.

En canto á parte dos financiamentos destacan os proxectos de “Mellora funcional do espazo exterior do centro

social de Pravio, Cambre”, que se trata dunha obra nas edificacións auxiliares que hai pola parte de atrás para favorecer que a escola infantil poida utilizar esas instalacións.

A “Mellora de accesibilidade e seguridade peonil nas beirarrúas da rúa Cambre-Temple e rúa Carballo. Cambre” que se trata dunha operación para unir a praza Piñeiro coa rúa do Balado, que ten unha dificultade de accesibilidade que ás veces para a xente maior é, non insalvable, pero case insalvable.

A “Reordenación da contorna do parque infantil da rúa Francisco Rodríguez. Cambre”, que é a rúa polo lateral co parque, que se pretende peonalizar, e desesa forma darlle ampliación ao parque infantil.

A “Reordenación da rúa María Mariño”, esta é unha solicitude dos veciños de hai tempo, que a verdade necesita un arranxo porque estaba nun estado, non lamentable, pero si bastante deteriorado.

A “Mellora da accesibilidade na contorna da escola de música Sementeira de Sigrás”. Di que, como todos saben, para evitar os problemas que hai de esvaróns e os problemas que ten esa situación norte que non deixa chegar o sol, e que ás veces crea problemas en canto á mobilidade e, ademais, levar esa mobilidade ata o parte, á posición onde está o aparcadoiro de vehículos, á parte de arriba, para que poidan acceder tranquilamente e non estean entorpecendo o tráfico.

A “Remodelación da parada de bus da rúa Tapia. Cambre”. Di que se trata de dúas cuestións. Primeiro ampliar a parada do bus e levala á parte de arriba, á mazá de arriba, ampliála para coller dous autobuses xuntos, e ademais evitar o problema de tráfico que hai agora mesmo, de visualización, cando se sae da perpendicular á costa da Tapia, que o autobús non deixa, non permite ou dificulta a visión dos coches que baixan pola rúa Tapia.

Á parte destes proxectos achéganse dous complementarios, tal e como esixen as disposicións do POS, de 448.822,45 euros, que quedarán pendentes das baixas, e que son a “Reforma integral da praza Fernando Buesa. Cambre”, que é unha reconversión daquel gran parque que parece que é unha praza, pero é un gran parque e ten unha moi boa dimensión. É o parque de feito máis importante no Temple, non recoñecido, quere dicir.

E a “Mellora da accesibilidade no contorno do polígono do Temple”, que é a operación da última rúa que queda no ámbito do Temple por reformar ou rehabilitar.

Concedida a palabra a dona Marta María Vázquez Golpe, concelleira do PP, expón que en canto a este punto respecto do POS, plan complementario e préstamo e achegas do 2020 e 2021, van facelo xenérico, para non lear a quen os está escoitando.

Respecto das obras enumeradas polo señor concelleiro, correspondentes á achega do 2020, son obras necesarias. O PP pode ter as súas discrepancias ou non, poderían ter feito ou non outras obras, pero en calquera caso os que gobernan son eles e son os que deben facer a selección desas obras.

Di que dado que todas elas cumpren coa normativa urbanística, os informes tanto técnicos urbanísticos, como xurídicos son totalmente favorables, no seu caso contan cos permisos de Patrimonio nalgún dos supostos, como no primeiro do centro social de Pravio, nada que obxectar.

Respecto da elección do Goberno de Cambre destinada a gasto corrente dunha parte deste POS, a iso habilitan as bases, e ao préstamo 2021 para a redución de débeda.

E respecto do plan complementario, son obras que son para os cambreses, que van repercutir en beneficio de todos.

Conclúe dicindo que se alegran que veña esa cantidade de diñeiro, case 1 millón de euros da Deputación para Cambre e, por suposto, o seu voto, como non pode ser doutra forma, será favorable a todas esas obras.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, di que o seu grupo non se vai opoñer, nin moito menos. De feito celebran sempre que vén unha subvención.

O que si ven é que se seguen quitando prazas de aparcamento no que é referente ao Temple, e segue a meterse máis cemento e moito menos verde. Lévese todo ou case todo para O Temple e Cambre, non se leva nada para as parroquias máis apartadas.

Di que si que é verdade, como dixó, que se alegran de recibir subvencións, e aínda que o seu criterio á hora de actuar sería distinto, distintas actuacións ou obras, como dixó, non se van opoñer.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós expón que no tema dos aparcadoiros quere confirmar, só iso, que o número de aparcamentos, e cando queiran llelo demostra, son máis dos que había.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguineo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común).

O Pleno municipal, por dezaseis votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

Faise constar que, cando son as vinte e dúas horas e vinte minutos, momento no que corresponde tratar o punto 1.5 da orde do día, auséntase da sesión o señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, isto en aplicación do disposto no artigo 29 do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal: *“Os concelleiros deberanse abster de participar na deliberación, votación, decisión e execución de calquera asunto se concorren neles algunha das causas ás que se refire a lexislación sobre procedemento administrativo e a de contratos das administracións públicas...”*.

Durante a súa ausencia exerce a presidencia don Juan González Leirós, primeiro tenente de alcalde.

1.5. Aprobación provisional, se procede, da modificación puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre na Unidade de Execución nº 8 B) sita no Temple

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, de data 16 de decembro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

«En relación co proxecto de Modificación puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre na Unidade de execución nº 8 b) sita no Temple redactado polo arquitecto don Ángel Luís Monteoliva.

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal con data do 11 de decembro de 2020.

Visto o informe-proposta emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior co visto e praxe da secretaria municipal con data do 15 de febreiro de 2020.

Por esta Concellería Delegada da Área de Urbanismo e Obras elévase ao Pleno municipal a seguinte proposta de **ACORDOS** a adoptar:

1º.- Desestimar as alegacións presentadas polo concello de Oleiros no trámite de audiencia aos municipios limítrofes previsto no artigo 60.7 da Lei 2/2016 do solo de Galicia por canto que con este instrumento de planeamento estase modificando a ordenación e os parámetros da mesma que estaban establecidos para este ámbito polas Normas Subsidiarias do Planeamento. Para isto faise esta modificación puntual, e un destes novos parámetros da nova ordenación é a altura co fin de tapar as medianeiras existentes, as cales non o son, como di o alegante, por unha “infracción urbanística”, descoñecendo, en primeiro lugar, que estas medianeiras proceden da execución da unidade de execución nº 8-a) para a que se aprobou un Estudio de Detalle polo Pleno desta Corporación o 9 de decembro de 1997 e para cuxos edificios se concederon as pertinentes licenzas de obra por acordos da Xunta de Goberno de 23 de xaneiro de 1998 e de 22 de xuño de 1999 e, en segundo lugar, que con arranxo ao artigo 38 das Normas Subsidiarias Municipais relativo ao solo urbano residencial denso como o que nos ocupa se posibilita, para casos de remate e/ou completamento da edificación existente ou outras motivacións urbanísticas análogas, a recomposición do volume para o que se poderá superar a altura máxima sinalada coa aprobación do correspondente estudo de detalle sen que isto poida supoñer incremento da edificabilidade.

A consideración de que se está a producir un incremento da edificabilidade da unidade de execución 8-b) non respectando “o límite de sustentabilidade” de $1 \text{ m}^2/\text{m}^2$ previsto no artigo 41-1b) da Lei 2/2016 do solo de Galicia para concellos con poboación igual ou superior a 20.000 habitantes e inferior a 50.000 habitantes igualmente téñense que desestimar por canto este artigo é de aplicación ao solo urbano non consolidado no que sexa necesario un proceso de urbanización, que é o suposto do solo urbano non consolidado recollido no artigo 17-b)-1 da mesma lei, pero non estamos ante esta categoría do urbano non consolidado como cree o alegante, senón ante a recollida no apartado -3- do mesmo artigo 17-b) que se refire ao solo urbano non consolidado constituído polos terreos nos que se desenvolvan actuacións de dotación, entendendo como tales aqueles nos que sexa necesario incrementar as dotacións públicas para reaxustar a súa proporción coa maior edificabilidade ou cos novos usos asignados na ordenación urbanística, como se difire tanto do informe do arquitecto municipal como do exposto sobre esta alegación polo redactor do documento como do propio contido do mesmo.

Tamén se indica polo alegante que este ámbito de actuación non se recolle no borrador do Plan Xeral de Ordenación Municipal tal e como se presenta na modificación das normas subsidiarias municipais que se pretende, o que se ten que desestimar por canto o borrador do Plan Xeral de Ordenación Municipal é un documento anterior ao que agora nos ocupa e por canto o borrador non é máis que un documento preparatorio do Plan Xeral que contén as liñas esenciais de planeamento e os obxectivos e solucións xerais deste xunto cunha análise urbanística pero non é o Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Respecto da alegación de que o convenio suscrito o 27 de novembro de 2000, que é a orixe desta modificación, é nulo de pleno dereito “ao prometer una edificabilidade superior a prevista nas normas subsidiarias do ano 1994 e edificabilidade establecida en leis urbanísticas posteriores”, igualmente tense que desestimar por canto que tal plantexamento descoñece, en primeiro lugar, que cando se subscribe dito convenio é para un futuro Plan Xeral de Ordenación Municipal non para incumplir as Normas Subsidiarias Municipais en vigor nese momento; en segundo lugar, que a Lei 1/1997 do Solo de Galicia en aquel momento vixente non impedía a sinatura de dito convenio de cara a redacción dun futuro Plan Xeral de Ordenación Municipal; en terceiro lugar, que o artigo 41-1,b) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia que cita o alegante non é de aplicación ao caso que nos ocupa porque non estamos en presenza de solos urbanos non consolidados nos que sexan necesarios procesos de urbanización como di o dito precepto, senón que nos atopamos ante solos urbanos non consolidados nos que se desenvolven actuacións de dotación aos que se refire o artigo 17-b)-3 da mesma Lei 2/2016, como xa quedou dito; non estamos en presenza dos solos recollidos no apartado b)-1 do mesmo precepto que son aos que se refire o artigo 41-1 que cita a alegante e que ven a ser unha repetición do dito por este nas “Consideracións técnicas” de dito escrito; e, en cuarto lugar, que si o convenio urbanístico aludido non se puidera cumprir polos motivos que fora, xa sexa porque o Plan Xeral de Ordenación Municipal non se aprobara ou se aprobara sen as estipulacións do mesmo ou por impedimentos legais, a edificabilidade que non se puidera materializar en dito ámbito tería que ser compensada noutros solos ou co abono da pertinente indemnización económica xa que se trata dunha compensación por uns solos xa cedidos e desfrutados para usos e servizos públicos, como así se establece no texto conveniado e nos seus distintos anexos, sen que isto poida ser causa de anulación dos mesmos.

Por outro lado as referencias á delimitación da área de reparto e ao seu aproveitamento tipo son irrelevantes porque estase tratando dunha modificación puntual dunhas normas subsidiarias do planeamento que carecen de áreas de reparto o que fai

que sexa imposible cumprir coas regras para a súa delimitación xa que esta tense que facer tendo en conta o equilibrio de beneficios e cargas entre as distintas áreas, como establece o artigo 98 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.

Tamén neste apartado das alegacións alúdese á falta de interese público debidamente xustificado para tramitar este documento, alegación que igualmente ten que ser desestimada por canto con este documento se pretende dar visibilidade ao desenvolvemento da Unidade de Execución nº 8-b) das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre eliminando usos industriais incompatibles coa trama residencial e consolidando o tecido urbano, eliminando así a precariedade e a provisionalidade que xeran os usos e as tipoloxías non adaptadas ao planeamento, ademais de finalizar o proceso de obtención de terreos que se cederan anticipadamente a este concello mediante o convenio urbanístico referido e ocupados xa para servizo público (casa cuartel da Garda Civil) e uso público (zonas verdes e viario). Estes obxectivos son suficientes para considerar que existen razóns de interese público que xustifican este instrumento de planeamento, de conformidade co artigo 83.1 da Lei 2/2016 indicado.

A consideración de que esta modificación das normas subsidiarias de planeamento obsoletas poden incorrer en causas de nulidade de pleno dereito “al prescindir total e absolutamente del procedemento legalmente establecido” tense que desestimar, por canto estase a seguir escrupulosamente o procedemento que a propia Lei do Solo de Galicia establece para calquera modificación dalgún elemento do planeamento urbanístico, sexa este obsoleto ou non ou sexa decimonónico ou non, e que non é outro que o propio procedemento para a súa tramitación e aprobación, como establece o artigo 83-5 da citada Lei 2/2016.

E por último, a alegación de que o proceder deste concello supón unha vulneración ao artigo 83-3 da Lei 2/2016 que entende por revisión do planeamento xeral “a adopción de novos criterios respecto a estrutura xeral e orgánica do territorio ou da clasificación do solo”, igualmente tense que desestimar por canto que non estamos ante unha revisión do planeamento xeral senón ante unha modificación do mesmo á que se refire o artigo 83-4 de dita lei, non o artigo 83-3 da mesma que cita o alegante, xa que estamos en presenza dunha mera modificación puntual do planeamento en vigor.

2º.- Aprobar provisionalmente a Modificación Puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre na Unidade de Execución nº 8-b) redactada polo arquitecto don Ángel Luís Monteoliva, de conformidade cos artigos 60-13 e 83-4 e 5 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

3º.- Remitir este instrumento de planeamento xunto co expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que se proceda, se é pertinente, a súa aprobación definitiva, de conformidade cos apartados 13 e 16 do artigo 60 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 22 de decembro de 2020.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, comeza dicindo, lembrando realmente porque xa o teñen tratado, que no ano 2015 fíxose unha especie de valoración ou diagnose sobre como era a situación en Cambre e o que se atoparon foron ámbitos urbanos de baixa calidade; predominio do tráfico rodado sobre o peonil; falta de soares con destino a dotacións públicas; nula intervención en políticas de vivenda, solo e adquisición de patrimonio municipal; e falta de mercado de vivendas, sobre todo de protección oficial.

A resposta que pretenderon dar, equivocada ou non, foron actuacións de mellora en favor do peón en ámbitos urbanos, sobre todo O Temple e Cambre, os ámbitos urbanos; desenvolvemento de pezas urbanizables previstas nas Normas subsidiarias dentro da zona urbana de Cambre, do Temple, como son o SAU do Portofaro, a UE 3 na lotería de Cambre, a UE 10 no Leonardo, a N-VI, a UE 8-B, Costa da Tapia e a UE 4 de Cambre; así como plans especiais, que iso van deixalo porque queda dentro doutras connotacións e é outro tipo de realidade.

Continúa dicindo que en realidade trátase de dispor de solo cun grao de urbanización suficiente para cubrir as necesidades que antes mencionou: espazos dotacionais, de recreo, de residencia e comerciais.

Neste caso estanse a referir á UE 8-B, que se presenta dentro dese contexto que comentou. Denomínase “B” porque a “A” xa se executou hai 21 anos, polo tanto pensan que era hora de pechar ese proceso.

Os obxectivos fundamentais son eliminar do medio da trama residencial un elemento incompatible como é o uso industrial, ordenar e rematar esa peza de solo urbano, creando espazos libres, dotacións e tecido residencial, ademais de finalizar o proceso de obtención de terreos que se cederon anticipadamente a este concello mediante convenio urbanístico, referidos a un servizo público como é a casa cuartel da Garda Civil, e a un uso público como son as zonas verdes e o viario no parque Ramón Barba.

En canto ás cuestións de legalidade, realizáronse todos os informes necesarios, comprobouse que se emitiron os informes internos: arquitecto, xefe da Área de Urbanismo e Secretaría. Tense acreditado ou tense comprobado que estaban todos os informes necesarios para desenvolver ese ámbito. Compróbanse os informes e respóndese a unha alegación, houbo unha única alegación no proceso de exposición pública, que corresponde ao Concello de Oleiros. Analizárona, desmenuzárona, e entenderon que non había que admitila.

Conclúe que, polo tanto, dadas as disposicións legais, propoñen a aprobación provisional do documento en tramitación.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, manifesta que unha vez máis vén este asunto ao pleno, e a verdade é que pola exposición que acaba de facer o concelleiro de Urbanismo ata tiña dúbidas de se este era o asunto que viña hoxe a pleno, porque non ten falado en ningún momento da aplicación do convenio que vai incluído nesta modificación das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre.

Como dixo, unha vez máis vén este asunto a pleno, esta vez apenas un mes despois de non ter sido aprobado no pleno ordinario do mes de decembro de 2020, onde unha vez máis o PP amosou o seu rexeitamento a aprobar outro exemplo máis, quizais o máis flagrante por escandaloso, da errónea política urbanística do equipo de goberno, ese que deixa a un lado o interese xeral dos veciños e o ben común e se centra no interese duns poucos, neste caso nin máis nin menos que no interese da familia do alcalde, porque como teñen visto o alcalde tivo que abandonar esta sesión telemática.

Continúa dicindo que tivo que abandonar o seu propio despacho porque, tal e como lembraban o mes pasado e no pleno ordinario de febreiro do 2020, na aprobación inicial desta modificación, o alcalde de Cambre non se ausenta das sesións nas que se trata este asunto por motivos de transparencia, como queren facer crer á cidadanía a través dos medios de comunicación, e así o teñen manifestado reiteradamente, senón por razón da incompatibilidade e obrigado pola lei ao tratarse dun asunto directamente vinculado á súa familia.

De aí que por razóns de oportunidade recomenden que tras 20 anos da sinatura do convenio que trae causa neste asunto, a pesar de que non se teña reflectido, non se teña feito ningunha referencia na presentación por parte do concelleiro de Urbanismo, entendan que non sexa, unha vez máis, este o momento idoneo para proceder sequera á súa formulación, máxime se teñen en conta as promesas do equipo de goberno, que dende finais da lexislatura pasada tense empeñado en difundir, por activa e por pasiva, a inmediata aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Cambre.

Di que se tan inmediata é esa aprobación, non ten sentido gobernar urbanisticamente un municipio de case 25.000 habitantes a golpe de modificacións puntuais das Normas subsidiarias, porque lembra que hoxe veñen a pleno nin máis nin menos que tres modificacións puntuais das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre. Todas elas nos lugares máis densamente poboados do municipio, na parroquia do Temple e nas inmediacións da Barcala, onde existe un maior déficit de infraestruturas e zonas verdes e de espaxamento, e xusto onde se modifican as Normas subsidiarias para ampliar os volumes e a edificabilidade.

Modificacións que segundo o punto de vista do PP son de suficiente índole como para ter sido recollidas na modificación e na aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, que se tan pronto vai ser aprobado no municipio, failles pensar que ou ben non é tan inminente a súa aprobación, tal e como se empeñou o concelleiro de Urbanismo ao explicárllelo aos veciños a poucos meses das eleccións municipais, nos seus encontros parroquiais, nos seus encontros parroquia por parroquia, ou non interesa que se tramiten vía redacción e aprobación dun PXOM. Ou tal vez estean equivocados nas dúas, e as que se persigan sexan as dúas á vez, que é o que se temen dende o PP.

Conclúe dicindo que, entendendo pois inoportuna a formulación deste punto; existindo dúbidas sobre a aplicación 20 anos despois do propio convenio; a entidade da medida e a necesidade de ser incluída dentro da tramitación do PXOM; existindo así mesmo a garantía de que este asunto vai ser aprobado posteriormente pola Xunta de Galicia; todo isto recomenda unha vez máis que o voto do PP neste asunto deba ser contrario á aprobación desta modificación puntual das Normas subsidiarias.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, anuncia o voto contrario, o voto negativo do BNG a esta modificación, a este punto da orde do día.

Di que eles consideran que a parroquia do Temple, con máis de 9000 habitantes e practicamente 1 km² de extensión, co cal a pouco que sexan avezados en matemáticas lles sae unha media de 9000 hab./km², non é precisamente o emprazamento do concello que deba sufrir nos vindeiros anos un crecemento demográfico. E di sufrir porque cando se arrastra un urbanismo total e absolutamente deficitario, e niso cre que estarán de acordo a práctica totalidade de membros desta Corporación, un urbanismo total e absolutamente cainita, non pensado para a xente, senón unicamente para o beneficio especulador duns cantos construtores, non é o axeitado para seguir medrando demograficamente.

O BNG aposta por dotar ao Temple de zonas verdes e por suposto tamén por dotar ao Temple de servizos que sirvan para mellorar a calidade de vida dos seus habitantes.

O que hoxe van aprobar é situar no medio da costa da Tapia a toda unha parroquia como é San Lourenzo ou como é Sta. María de Vigo, ou como San Martiño de Andeiro, iso porque as máis de 90 vivendas previstas nesta modificación que hoxe se trae a pleno vai situar a case 300 persoas no centro da costa da Tapia.

Pregúntanse se é unha operación legal, si, o BNG non discute iso, o BNG procura non facerse trampas ao solitario e dende logo non facerlle trampas aos veciños de Cambre, entón queren dicir con total e absoluta claridade que isto efectivamente é unha cuestión, falando en román paladino, que é un marrón que vén herdado, que ten a súa xénese, a súa orixe, en hai máis de 20 anos.

E di que consideran que é un fracaso colectivo, non unicamente deste equipo de goberno, non unicamente tampouco desta Corporación, que responsabilidade dende logo téñena todos colectivamente, que o Concello de Cambre non fora ao cabo destes 20 anos capaz de levar adiante outro tipo de medidas, de plans, que permitiran dalgunha maneira impedir este desenvolvemento urbanístico, nestas condicións, no cerne da parroquia do Temple e poder negociar coa propiedade outra saída.

O certo é que teñen a día de hoxe, xaneiro do 2021, un concello que non ten practicamente solo público dispoñible e que se ve, en certa maneira, avocado a formular este tipo de operacións coas que, insiste, o BNG, como forza que se considera progresista, non pode estar, porque cren que si había certa marxe para negociar outra saída.

É unha decisión, polo tanto, ao seu modo de ver legal, a que toma o equipo de goberno. Está amparada, loxicamente, polos seus votos neste pleno municipal, pero o BNG non está de acordo e non pode estar de acordo. Consideran que a costa da Tapia que é, quizais, non xa a vía máis densamente poboada do Concello de

Cambre, senón practicamente de toda a área metropolitana da Coruña, non merece a esta altura inxerir máis veciños no tramo xa a día de hoxe máis colapsado.

Non lles gusta esta maneira de facer urbanismo. Consideran, insiste, en que podía haber alternativas que dalgunha maneira non se exploraron. Vaise a tiro fixo a levar este tipo de operacións adiante, e consideran que é unha das decisións que marcan dende logo un mandato, que marcan un xeito de facer política e, honradamente, no BNG non a comparten.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, manifesta que non vai falar de asuntos que falon outras veces, como é da edificabilidade, temas do estilo tratado anteriormente, pero si recalcar e facer un inciso, outra vez, en que cren que este tipo de actuacións deben estar incluídas dentro dun Plan Xeral.

E se lle permiten, xórdenlles unhas dúbidas, porque en setembro solicitaron información por escrito sobre a actuación que se estaba a levar a cabo, porque viron que empezaba a haber actuacións, movemento na parcela, e a día de hoxe aínda non teñen resposta, e a súa sorpresa é ver que se está a traballar aí dentro. Fóra hai un cartel cunha licenza para un edificio de vivendas, con data de agosto a licenza, a propia construtora está anunciando nas súas redes sociais a construción de non sabe exactamente de memoria o número de vivendas que van facer aí, e chócalles como sendo unha aprobación provisional, como se están facendo ese tipo de actuacións.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común e integrante do Grupo Mixto, manifesta que, como xa teñen falado deste asunto en numerosas ocasións, de feito hai un mes xa falon deste asunto, e tampouco quere ser repetitiva porque cre que a opinión de EU está clara, ou polo menos cre que explicada, non sabe se suficientemente, pero cre que non vale redundar na súa postura en contra deste punto, desta aprobación provisional da modificación das Normas subsidiarias, pero fundamentalmente por resumir a motivación do seu voto contrario, é porque entenden que a vinculación persoal do alcalde respecto da familia invalida dalgún xeito a falta de prisma e, dende o punto de vista que o desenvolvemento do que están falando é tremendamente agresivo, urbanisticamente falando, a unha zona como é O Temple que xa está de por si castigada. Entende tamén que debería estar incluída dentro do plan xeral e que non obedece neste caso aos criterios de interese público que debería.

Dito isto, di que hai cinco puntos que lle gustaría que constaran en acta, que son un pouco resumo das intervencións anteriores.

O primeiro punto que lle gustaría que constara en acta antes da aprobación provisional é que o documento que van aprobar hoxe non é sometido a trámite ambiental.

O segundo punto, o convenio do que bebe esta modificación puntual das Normas subsidiarias non está en vigor.

O terceiro punto, Lamelas non cumpriu a súa parte do convenio, posto que na xustificación da modificación puntual recálcase a necesidade de suprimir o uso industrial, tema que tamén xa teñen falado.

O cuarto punto, as actuacións de dotacións non eximen da obriga de reserva de vivendas de protección.

E o quinto punto, no Temple, coa aprobación provisional que lles ocupa non documentan as dotacións existentes.

Di que quere que consten estes cinco puntos en acta co único obxectivo de que o informe da Xunta de Galicia, previo á aprobación definitiva, dalgún xeito agarda que veña a confirmar estes cinco puntos. Quizais non coas súas palabras, pero son cinco aspectos que son importantes para que consten en acta e de cara a agardar ese informe previo da Xunta de Galicia aprobando a modificación definitiva.

Continúa dicindo agora xa en modo un pouquiño máis distendido, que ela falaba co Sr. Leirós na anterior sesión plenaria, como lembrará, de que ela entendía que existían, que se podían ter estudado diferentes fórmulas, sempre cumprindo co convenio, fala sempre da legalidade, é máis, o Sr. concelleiro sabe perfectamente que ela leva votando en contra sistematicamente da aprobación provisional desta modificación das Normas subsidiarias. Non houbo cambio de criterio, pero di que ela estaría disposta a votar a prol e a cambiar radicalmente o sentido do seu voto se o 50% da edificabilidade que se vai asignar fora para residencial, para vivenda social, polo menos un 50%, e pódese facer.

Como dixo con anterioridade, o feito de que as actuacións sexan dotacionais non exime da obriga da reserva de vivendas de protección. Se un 50% desa edificabilidade fose para vivendas de protección social, do tipo que fose, ela estaría disposta a cambiar o sentido do seu voto, porque aí estaría vendo que efectivamente cúmprese co interese xeral e coas necesidades de Cambre, xa non fala do Temple, de Cambre en relación coas persoas demandantes de vivenda social.

Continúa dicindo que o problema que teñen coa Patiña, e con moitísimas familias desprotexidas nese sentido, ela entendería, con independencia desa vinculación familiar, que estaría primando o interese xeral sobre o particular.

É máis, os veciños do Temple, ao seu modo de ver, e dicindo cousas concretas, non teñen ou non deberían ter que sufrir as mesmas consecuencias que os veciños da Barcala respecto do aparcadoiro do Eroski.

Pregunta por que non se fai nesta actuación un solo privado e a parte un aparcadoiro público, porque, efectivamente, o Sr. Leirós dicía con anterioridade, e vai rematar xa, cando se lle afeaba o tema das prazas de aparcamento no Temple, que as prazas de aparcamento son as mesmas ou máis, directamente.

Se o Sr. Leirós, que sabe o que fai, pasea polo Temple, sabe das queixas dos veciños a día de hoxe. Que haberá máis prazas, ela iso non llo discute, pero o problema que hai a día de hoxe, ou as queixas que eles perciben e que son numerosas, son sobre o ancho das beirarrúas e a falta de aparcamento.

Conclúe dicindo que eses dous aspectos, vivendas de protección oficial e posibilidade de facer un aparcadoiro público, non seu caso faría inverter o sentido do voto. Déixao aí como proposta.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, concelleira de C's e integrante do Grupo Mixto, manifesta que, como xa dixeron nas moitas ocasións en que teñen tratado este asunto, o convenio que dá froito a esta modificación, o teñen expresado varias veces, hai diferentes vías para darlle cumprimento.

Di que Ciudadanos propuxo máis dunha vez desde que se trouxo isto en febreiro de 2020 que o aproveitamento que se recolle nese convenio podíase dar noutras zonas, como o propio convenio recolle, noutras unidades de actuación, algunha incluso en fase de desenvolvemento, precisamente noutras zonas onde a edificabilidade non estea tan intensificada. Cren que era unha solución, que era unha vía que non se abriu, e debeu de terse aberto, porque o convenio todos saben que non é beneficioso para Cambre en moitos aspectos, sobre todo en aspectos urbanísticos.

Por outra parte tamén quería facer mención a unha parte do convenio á que tamén se referiu en febreiro de 2020, relativa ao mantemento dos postos de traballo.

Di que revisando a documentación, efectivamente non é o convenio en si o que recolle ese texto, palabra por palabra, do mantemento dos postos de traballo, senón o informe da Sección de Planeamento e Xestión que se emitiu o 24 de novembro de 2000 en relación co convenio, e ese informe emitiuno o xefe de sección.

Efectivamente, como aclararon, é un informe dun xefe de sección que non consta no convenio, pero efectivamente fálase dese mantemento dos postos de traballo que non se tivo en conta en informes posteriores.

Conclúe dicindo que, polo tanto, como seguen pensando que había outras vías para dar cumprimento a este convenio, o seu voto vai seguir sendo en contra.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós di que intentará dar contestación a todos eles, dentro do que poida, porque son moitísimas preguntas e comprenderán que ás veces resulta difícil.

Empezando polo PP dille que pode ser que o que o Sr. Abalo considera interese xeral non sexa o mesmo que eles consideran interese xeral. Cre que teñen dito cal é o seu programa de traballo, téñeno explicado, o que cren que deben facer, que fundamentalmente é sacar un uso industrial que hai metido dentro do tecido residencial, sacalo e acometer esa operación urbanística que estaba recollida desde 1999 nas Normas subsidiarias.

Ademais diso, di que hai que aboar unhas causas, que son as cesións do cuartel da Garda Civil, que é un feito consumado, e parte do parque Ramón Barba, que son feitos consumados.

O voceiro do PP insistiu moitísimo na incompatibilidade do alcalde, e claro que si, hai unha incompatibilidade, pero hai unha incompatibilidade recoñecida por parte do alcalde. Dille ao Sr. Abalo que é curioso que cando Manuel Rivas, que foi o seu mentor, estaba no Goberno e lle tocaba a Vía Ártabra, e ademais tocáballe a parcela e a do seu pai, non saíu do pleno. O Sr. García Patiño sáese do pleno porque entende que si ten unha incompatibilidade. O Sr. Rivas entendía que non tiña incompatibilidade e quedouse, pero votaba pola súa parcela e pola do seu pai. Dille que esas son as diferenzas, pequenas ao mellor considera o Sr. Abalo, pero el cre que importantes.

En canto ao da inmediata aprobación do Plan Xeral. Di que el nunca dixo que a aprobación do Plan Xeral fora inmediata, sobre todo porque hai un programa que o Sr. Abalo debería coñecer, que se lles pasou, que o Plan Xeral vai ao 2023 se non ten atrasos, e seguro que vai ter algún, polo tanto están a falar do 2023 ou 2024. Non pode falar de inmediato porque coñece o programa de traballo, polo tanto inmediato non, inmediato imposible.

O que si falou foi da necesidade de evolucionar, de formular unha reforma e de incorporar o tecido residencial, de incorporar zonas verdes, e de incorporar dotacións, que é necesario, e para conseguir as dotacións non se poden só comprar co orzamento municipal, hai que compralo con este tipo de operacións. Di que non hai outras maneiras, e se os demais concelleiros as coñecen, pídelles que as poñan enriba da mesa, que fagan un programa de traballo como fixo o Goberno municipal e atenderanas, sen problema ningún.

Conclúe que teñen diferentes conceptos do que é o Plan Xeral, está claro, xa explicou que o Sr. Abalo dixo que é inmediato e o Goberno non pode admitilo, porque non é certo.

Respecto do BNG, o seu voto é en contra, teñen todo o seu dereito, enténdeno doutra forma, entende que O Graxal é un ámbito de inmensa intensidade e que é invivible. El pode dicirlle ao BNG que el non cre que O Graxal sexa invivible, cre que O Graxal ten moita densidade, pero cre nese baixo + 3 e nesa reconversión das rúas e nese tratamento a favor do peón. E non o cre el só, non vai nomear a ninguén agora, pero especialistas en Urbanismo din que pode ser unha das zonas poboacionais importantes dentro do fondo da ría, ese gran conglomerado que é Culleredo e Cambre, que xa empeza a ser unha cidade, unha cidade pequena, pero empeza a ser unha cidade.

Di que é importante, que podería ter máis zonas verdes, pero que tampouco é un inconveniente para vivir no Graxal. O Graxal tocado, con calidade e ben tocado e matizado, e colocando árbores, aparcadoiros e facéndoo peonil, pode chegar a ter unha calidade de vida suficiente.

Ponlles un exemplo que, ademais, deben de coñecer moi ben, Pontevedra. Pontevedra ten bastante densidade no seu centro histórico, tense peonalizado e resulta que é un luxo e unha xoia. Polo tanto, a densidade é relativa neste caso, o que ten que ver ten que ver máis coa calidade, coa calidade de alturas, coa calidade de sombras e coa calidade de espazos sombríos, máis que coa densidade da poboación, ou iso pensa o Goberno, se o BNG pensa o contrario, o respectan.

O Goberno cre que a potencialidade das zonas verdes de Cambre non están precisamente aí, porque aí xa é imposible, pero si están en activar o río Gándara, que non o están activando, si están en activar o río San Pedro e a saída do río San Pedro e o río San Marcos, que tampouco o están activando, están en activar o río Mero. Son pezas que a cinco minutos andando poderían ter unhas zonas verdes e uns espazos libres increíbles.

Conclúe que no Goberno cren que esas dúas conxugacións se poden dar. Esa é a súa forma de velo. Entende a do BNG, non a participan, pero polo menos están na discusión, que iso é o importante, o que cre cada un, para poder mellorar todo isto, e iso parécelle moi interesante.

Respecto de Alternativa, fala das actuacións que se están levando a cabo, niso se centrou. Do Plan Xeral xa lles explicou o que hai, que non é inmediato. Das actuacións que se están levando a cabo con licenza dilles que eses propietarios teñen unha parcela na parte de arriba, que é urbano directo e que non ten nada que ver coa unidade de execución, non ten nada que ver coa modificación puntual.

É un urbano directo, con baixo +3, co cal teñen o dereito. Solicitaron a licenza e como o concelleiro debería de saber, os actos regrados sería prevaricación non dalos. Se están regrados e son acordes coa lei, polo tanto hai que dállelos, non ten máis cuestión que esa.

Si é certo, para que despois non haxa dúbidas de que non están a esconder información, que hai unha planta a maiores do baixo +3 para sacar edificabilidade desde o bloque que hai na parte de abaixo. Tense colocado un baixo +4 porque os dous edificios laterais da área da Tapia teñen xa unha cornixa de baixo +4, e incluso pactado coa Xunta, pactado no sentido de falado, non pactado, porque son eles os que teñen a última palabra, como dicía o Sr. Abalo, por suposto que é deles. Pero di que falado coa Xunta, non lle viron ningún inconveniente para que se puidese producir esa modificación.

Polo tanto, conclúe, a obra que se está facendo agora ten licenza con todas as garantías.

Respecto da concelleira de EU-Son en Común e a familia. Dille que el cre que nestes temas deberían xa deixar ás familias e ir ao contido urbanístico, pero se queren insistir no tema da familia, pois ben, son os seus argumentos e eles saberán. A el parécelle moito máis interesante os argumentos que formula a segunda cuestión, non a familia, que son os argumentos que hai que discutir aquí e que deben discutir.

Respecto dos cinco puntos que dixó, e que vai mencionar por riba, está no seu dereito en poñelos e xa verán.

Que o documento non se someteu a trámite ambiental. Dille que claro que se someteu, e pregúntalle por que levan un ano coa aprobación case inicial, porque xa se someteu ao trámite ambiental. Tardou 7 meses no trámite ambiental, o que pasa é que ese trámite ambiental a Xunta decidiu que era simplificado, non ordinario e, polo tanto, como a Xunta decidiu que era simplificado, pois paralizouse nese procedemento, pero si ten trámite ambiental. Dille que por favor, que os que a asesoran que o vexan ben, porque o ten.

Que o convenio non está en vigor. Iso dío a concelleira, porque os técnicos municipais din que o convenio está en vigor e toda regra, polo tanto, hai unha disputa técnico-xurídica que haberá que aclarar, pero que el non vai ser quen vai dilucidar se está ou non está. El fíase do que lle din os técnicos, porque nisto si que teñen que ser eles os que teñen que dar a última orde. Os temas de legalidade son dos técnicos municipais, e os temas de política municipal son dos políticos municipais, niso si que non hai dúbida.

O de suprimir o uso industrial. Di que si, claro que tiñan convenio, pero o convenio dicía que o uso industrial desaparecería en canto o convenio se cumprira, en canto o concello aboara a parcela ou en canto fixeran o que están facendo, a modificación puntual.

Por suposto que se a modificación puntual se aproba esixirá á propiedade que quite inmediatamente a nave de aí, por suposto que si, porque o uso xa non o teñen, só teñen a nave, pero por suposto que lles dirán que a quiten. Di que senón, se o concello estivese incumprindo o convenio, como lles van pedir que quiten a nave industrial.

O de que non eximen de protección oficial. Ben, iso é o que lle din a ela, a eles dinlles que si, que hai un contrato, que é un ente civil, non é un ente urbanístico e que ese contrato ten vigor e valor e, polo tanto, ten vigor ao ano de inicio, e nese momento non se lles podía esixir a vivenda de protección oficial.

A concelleira dixo que agarda que veñan a confirmarllo. El dille que exactamente, que ten ela razón, que a Xunta é a que vai confirmar todo isto. Se dá o visto e praxe será que está ben, e se dá o visto malo, pois terán que dicirlle á Sra. Santos que ten razón, e diranllo sen ningún tipo de insatisfacción, con toda a normalidade do mundo.

Do tema de que desta modificación un 50% sexa para vivenda de protección oficial non llo pode aceptar porque, insiste, hai un convenio que non esixe o 50% e el non vai ser máis papista que o Papa se non llo permiten.

Respecto das prazas de aparcamento dille que hai un estudo do PP, e diso poderíalle falar sobre todo a antiga concelleira, Rocío Vila, que fixo un estudo sobre colocar prazas de aparcamento aí, e chegou a conclusión de que non eran rendibles, de que era imposible, de que era unha carga que non se podía xustificar. Polo tanto, deixouse de facer, se é unha carga inxustificada, pois témesse que o interventor cando informase tamén lles diría que onde se estaban metendo con esa lea, porque esa lea non ten solvencia.

Conclúe dicindo que é un pouco o resumo, que discrepancias claro que teñen e que pasan á segunda rolda.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex manifesta que por replicar o que acaba de comentar como concelleiro de Urbanismo, as diferenzas que existen entre o que eles consideran interese xeral e o que é particular. Dille que precisamente neste asunto non lle pode negar que existe un interese particular moi evidente por parte da familia do señor alcalde neste asunto.

É tal o grao de solapamento que o Goberno municipal ten querido levar ao longo deste procedemento que incluso non hai máis que ver a presentación que o Sr. Leirós acaba de facer deste asunto, na que non fixo ningunha referencia a que isto se refería ao popularmente chamado como “convenio Lamelas”, para que o entendan todos os veciños de Cambre. O Sr. Leirós obviou na súa presentación falar de cal era a situación e o fundamento desta modificación puntual das Normas subsidiarias.

Di que hai que lembrar tamén respecto da saída e ausencia do alcalde, evidentemente tivo que saír, pero non como o Goberno dixo durante todos estes meses por razóns de transparencia, o alcalde tivo que saír precisamente porque está obrigado por lei, por unha incompatibilidade manifesta, porque ten que ser así, porque senón habería unhas consecuencias e unhas responsabilidades maiores, pero non por razón de transparencia, senón porque está obrigado por ser familia directa do alcalde. Co cal o interese particular é máis que evidente.

Respecto dos cinco puntos aos que facía referencia a representante de EU, Olga Santos, evidentemente ve que chegan á mesma conclusión cando o PP dicía que entre outras cousas dubidaban da vixencia deste convenio a día de hoxe.

Fala desa vixencia, tamén da posibilidade de que logo teña que ser aprobado pola Xunta de Galicia. Para o PP evidentemente é unha garantía pensar que a Xunta de Galicia ten que aprobar, ten que dicir a última palabra respecto disto.

Fixo o Sr. Leirós tamén referencia á situación que tivo o anterior alcalde cando estaba tamén no salón de plenos, e quere lembrarlle ao Sr. Leirós as súas propias palabras cando el e os membros das empresas redactoras, tanto do procedemento de participación cidadá como do procedemento de elaboración do PXOM, foron por todas as parroquias dicindo que ese PXOM estaría acabado en máis ou menos dous anos, cando os membros das empresas non facían máis que dicir que sería lexislaturas as que pasarían, varias lexislaturas, dicíano en plural, que serían varias lexislaturas as que tiñan que pasar ata que estiver aprobado o PXOM.

Lembrar nese sentido como o Sr. Leirós recriminaba, non dentro do concello, senón como membro do partido agora no Goberno, e como os membros do partido agora no Goberno recriminaban ao anterior alcalde que debería de dimitir se non era capaz de aprobar un PXOM no prazo de 4 anos.

Lémbrale que agora eles levan 6 anos e polas últimas manifestación en prensa parece que a cousa vai ir máis para longo do que dicían, co cal vai utilizar as súas propias palabras, se en 4 anos, se nesta lexislatura non está aprobado o PXOM, preguntalle se vai dimitir ao igual que lle esixía ao alcalde Manuel Rivas, xa que non o sacou.

Continúa dicindo que, por certo, Manuel Rivas en ningún caso é o seu mentor. Dille ao Sr. Leirós que el foi concelleiro do Concello de Cambre antes de que Manuel Rivas entrara na política, foi concelleiro na lexislatura 2003-2007. Nada máis que dicirlle ese dato, por se o Sr. Leirós non o tiña.

E respecto da tramitación, a aprobación do PXOM, xa o dixeron moitas veces neste asunto e en todos os demais destas modificacións puntuais das Normas subsidiarias do planeamento de Cambre. Ao Goberno de Cambre non lle interesa a aprobación do PXOM, porque o PXOM é a carta de previsión por onde e como ten que ir crescendo un municipio, e o Goberno o que está facendo é crear un crecemento do municipio naqueles sitios, única e exclusivamente, onde máis lles interesa. Por iso as diferenzas que teñen para comprender o que para o PP é o interese xeral, e o interese xeral que existe para eles, que máis ben é o interese particular duns poucos e non o interese xeral de todos os veciños.

Conclúe que, evidentemente, o seu voto vai ser contrario á aprobación deste asunto.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío manifesta que simplemente dar as grazas pola contestación. Di que se preguntaron, foi porque os veciños lles preguntaron, e como non tiñan información, porque preguntaron pero aínda non se lles contestou, foi dalgunha forma preguntar aquí para darlles resposta, porque ao final Alternativa dos Veciños, ao igual que o Goberno, o único que quere é a máxima transparencia.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, manifesta dúas cousas simplemente en relación coas respostas do concelleiro de Urbanismo, e agradece as explicacións que facilita.

Di que respecto da primeira parte da intervención do Sr. Leirós dicindo que habería que deixar ás familias fóra, dille que quen mete ás familias no concello e no Goberno son eles, non é a oposición. Só hai que ver o que pasou co muro de Cela, que era interese xeral e pasou a non ser interese xeral por ser primo do alcalde.

Di que, entón, que van ser un pouquiño xustos e van entender que quen mete ás familias no consistorio non é a oposición, é o Goberno. E, neste caso concretamente, veñen demostrando que terían sido moitas as opcións e que estaba claro o plan dende o inicio ata o final.

E despois hai outra, que ao mellor o entende ela dese xeito porque ten esa mentalidade, pero di que hai outro comentario que o Sr. Leirós lle adoita facer en relación con que non a asesoran ben, que a asesoran mal. É a segunda ou a terceira vez, neste pleno acaba de facelo, no anterior o fixo, outra vez que falon deste tema, tamén o fixo.

Di que a ela ese ton paternalista non lle gusta, xa o sabe, e sempre o reprocha, é unha especie de loita individual que leva con ela. Dille que quen a ela a asesora ou a deixa de asesorar, con quen ela fale ou deixe de falar, non invalidada o que di. Ela expón aquí o que ela considera.

Leva aprendido, e é algo que lles ten que agradecer por outra parte, leva aprendido máis de urbanismo nestes últimos cinco anos que no resto. Evidentemente, non ten nin a menor idea comparada con outros profesionais como o Sr. Leirós, por exemplo, que exerceu 30 anos de profesión, certo é, pero si é verdade que tampouco lle gusta que llo afee e sempre lle diga o mesmo, con ese ton paternalista, porque ela asesórase e *cúrrase* substancialmente a documentación, aínda que sexa moito menos do que lle gustaría.

E as propostas que fai sempre procura facelas de xeito proactivo, se poden ser ou non poden ser, o señor concelleiro tiña razón antes, será a Xunta de Galicia quen determine se eses cinco puntos aos que fixo referencia e todos os puntos anteriores aos que fixeron referencia no anterior pleno, van encamiñados ou van desencamiñados.

Igual que o Sr. Leirós dicía que se a Xunta de Galicia nun momento determinado recolle algúns destes puntos ou coincide nalgún destes puntos, el non vai ter ningún tipo de inconveniente en dicir pois si, era verdade, dille que ela tampouco terá inconveniente en que se é contrario ao que ela está dicindo, dicir pois si, mira Juan, efectivamente pensaba que isto era por este lado e é polo outro.

Conclúe dicindo que nada máis quería puntualizar eses dous puntos.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós manifesta que van rematar un pouco con isto. Pídelle desculpas á concelleira de EU porque certamente se ela o viu así é que ten razón, non sabe se toda, pero si terá algo e, polo tanto, as súas desculpas polo ton paternalista.

O que si quere confirmarlle e afirmarlle é que o documento está sometido ao trámite ambiental que marca a lei, e a onde teñen chegado é a ese trámite e, polo tanto, diso pode estar segura, absolutamente segura. Pídelle que o confirme e se non que os chame e fanllo chegar.

Continúa dicindo que el non cre que haxa que meter á familia e non é o concello quen mete á familia. Eses señores teñen uns terreos e é o seu dereito dende hai moito tempo, e teñen dereito a defender a súa propiedade como ten dereito calquera de aquí, como ten dereito xente de EU, xente do BNG e xente do PP, e hai xente de todos os partidos que defenderon o seu dereito aquí, o seu dereito de propiedade.

Polo tanto, aínda que el é dun bando, como a concelleira debería saber, dun bando bastante esquerdoso, nese sentido recoñece que o dereito de propiedade é un dereito que hai que defender e que todo o mundo ten dereito, co cal nese tema non deberían de meterse. Os propietarios son unha parte, e non hai nada máis, e non hai ningunha confirmación ata o de agora, porque é mentira que o Goberno estea favorecendo aos Lamelas. Están cumprindo cunhas regras, equivocadas ou non, pero están cumprindo cunhas regras.

Expón que o que si lles interesa aquí recalcar, a parte de todo iso, son outras consideracións, e non lle gustaría perdelas de vista. O Goberno municipal pódese equivocar ou non, pero a súa visión está centrada no ano 2030, é o que lles interesa, equivocadamente ou non. Como non pode ser doutra forma, entenden os efectivos de desenvolvemento sostible como irrenunciáveis a cumprir.

Di que as tres operacións que hoxe se traen aquí, ademais do que xa se dixo, ofrécenlles unha oportunidade. Exprésao así e dío en serio, porque de verdade que o cre, ao mellor equivocadamente, pero o cre. Son unha oportunidade de intentar poñer en práctica as previsións do plan de acción que acaban de aprobar hai 3 meses para a enerxía e o clima, entre outras, por exemplo, o aproveitamento da auga de choiva para rego de zonas verdes; a habilitación dos tellados no terciario, na N-VI, para colocación de captadores solares, levalos a terra e producir enerxía limpa; a experiencia de centralizar os centros de calefacción, non nun centro único por cada edificio, senón centralizalos; ver que tipo de calefacción debe de operar; ou que a auga quente se transmita ou se incorpore mediante placas solares.

Cren que non van perder a oportunidade de dar solución aos problemas dotacionais, pero a aprobación do PACES obrígaos a non perder a oportunidade de intentar facer realidade as propostas definidas, estas cuestións que formula aquí.

E cren que esta é unha oportunidade, non só no ámbito urbanístico, senón tamén noutros ámbitos. É un reto, saben que é difícil, saben que deben estar acompañados da propiedade privada que queira facer isto, pero dende logo o que si pode dicir é que o departamento de Servizos, Medio Ambiente e Obras xa tiveron varias reunións para poñer todo isto en regra: cambiar normativas, edificabilidades, empezar a falar cos propietarios, etc., etc., para que isto sexa unha conclusión. Iso é o que lle interesa ao Goberno municipal, poden crelo ou non.

Conclúe que van a pasar ás votacións porque cre que as cuestións están bastante claras por todas as partes.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os sete concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Votan en contra os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por once votos a prol, cumpríndose coa maioría absoluta do número legal de membros da Corporación esixida polo artigo 47.2. II) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

Cando son as vinte e tres horas e quince minutos, reincorpórase á sesión o señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, quen retoma a presidencia.

1.6. Aprobación provisional, se procede, da modificación puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito da Nacional VI

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, de data 18 de xaneiro de 2021, que consta do seguinte teor literal:

“En relación coa **Modificación puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito da N-VI** e a teor do establecido no artigo 60, apartado 13 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, o Pleno Municipal de Cambre na súa sesión ordinaria de data 31 de maio de 2018 acorda aprobar inicialmente a modificación puntual anteriormente indicada.

Visto o informe do arquitecto municipal de data 14 de xaneiro de 2021.

Visto o informe do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 16 de xaneiro de 2021 co conforme da secretaria xeral.

Propoño ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar provisionalmente a Modificación Puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito da N-VI redactada pola entidade Oficina de Planeamento, S.A. coas correccións derivadas da resolución da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de data 13 de novembro de 2019, de conformidade cos artigos 60-13 e 83-4 e 5 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, e revogar o acordo do Pleno desta Corporación do 28 de marzo de 2019 polo que se aprobaba provisionalmente este mesmo instrumento de planeamento.

2º.- Remitir este instrumento de planeamento xunto co expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para que se proceda a súa aprobación definitiva, de conformidade cos apartados 13 e 16 do artigo 60 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 21 de xaneiro de 2021.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, explica que os criterios xerais xa se explicaron no tema anterior e, polo tanto, o que se trae é a aprobación provisional deste ámbito do que xa se ten falado nun pleno anterior, que foi á Xunta, a Xunta fíxolles unhas observacións que debían de mellorar, e entenderon que non a daban por aprobada.

Na Xunta interpretan que esta nova aprobación necesita doutra aprobación provisional. Dende o concello entenden que non, porque iso sería dificultar ou coaccionar que puideran presentar un recurso se non están de acordo, pero como as cuestións que a Xunta formulou entenden que tampouco merecen o recurso, porque son solucionables, polo tanto traen o asunto de novo aquí a aprobar, para ir á Xunta e agardar que esta vez, tal e como máis ou menos, non é que quedara pactado, porque nunca se pacta coa Xunta un informe, por suposto, pero si quedou falado e matizado, saia aprobado definitivamente.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, expón que unha vez máis ven que a Xunta de Galicia se converte en garante das desfeitas que se están facendo en Cambre e, como ben dixo o concelleiro de Urbanismo, houbo unha serie de observacións por parte da Xunta de Galicia que son as que, entre outras cousas, traen hoxe aquí esta aprobación provisional da modificación puntual das Normas subsidiarias.

Como xa se imaxinarán polo que é, o sentido do seu voto e a súa opinión ao respecto vai ser contrario á aprobación desta modificación puntual, polas mesmas razóns que no punto anterior. Como veñen manifestando dende hai anos, dende que este asunto se trouxo ao pleno do mes de febreiro e marzo do 2019, apenas uns meses antes de celebrar as eleccións municipais, a posición do PP debe ser en contra desta modificación puntual das Normas subsidiarias.

As mesmas razóns de entidade suficiente que ten esta modificación, que se define como puntual, consideran que debe ser entendida necesariamente como incluíble dentro da elaboración e redacción do PXOM que, a verdade, tal e como teñen hoxe tres asuntos de modificación de normas puntuais, cando vaia ser aprobado non vai encontrar metros onde aplicarse, xa que vai estar todo construído a golpe de modificacións puntuais de Normas subsidiarias, sobre todo na parroquia do Temple, a máis densamente poboada do municipio, a que carece de máis zonas verdes, a que carece das infraestruturas necesarias para facela máis habitable e amigable, como hoxe en día se está a levar a cabo no moderno urbanismo.

A falta de infraestruturas desta parroquia; o impacto que a construción dun centro comercial, por moito que o Goberno se negue a chamalo así, sobre o tecido empresarial e comercial na zona; a aínda non resolta problemática, dende o seu punto de vista, dos accesos ao lugar “desde” ou “cara a” N-VI; a creación de zonas

de aparcamento privado onde poderían terse proxectado zonas de aparcamento público das que tan necesitada está a parroquia do Temple e todos os que viven nela, non só os veciños, senón tamén os non veciños desta parroquia que veñen a poñer o seu grao de area na actividade comercial da que tan necesitada está o comercio do Temple; son razóns máis que suficientes para que o voto do PP siga sendo contrario á aprobación desta modificación puntual das Normas subsidiarias no ámbito da N-VI.

Continúa dicindo que non cren no urbanismo que o Goberno municipal trae, non só a pleno, senón que traen tamén no seu programa electoral. Nese sentido dar as grazas ao concelleiro de Urbanismo no anterior punto por non ter contestado ás preguntas e ás precisión que se lle tiñan feito, porque iso non vén máis que a confirmar, unha vez máis, cal é a postura do PP sobre o asunto.

Nese sentido tamén o feito de que tampouco quixo contestar a se no caso de que neste mandato non lograra aprobar o PXOM, se ía dimitir como concelleiro de Urbanismo deste concello, tal e como el mesmo lle esixía, el e a súa formación, ao alcalde Manuel Rivas.

Lémbrale ao Sr. Leirós, nese sentido, que xa leva dous anos que segundo o seu propio criterio debería estar cesado ou dimitido como concelleiro de Urbanismo, porque ao PXOM longa vida de tramitación lle espera aínda.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, manifesta que o seu grupo, igual que dixeron antes, e en todo o que ten que ver con estas modificacións de Normas subsidiarias, sempre din de agardar a que se aprobe o Plan Xeral, porque á parte de todo isto consideran que esta actuación vai traer moitos problemas de tráfico, porque ao final en vez de quitar tráfico da Tapia van meter moito máis, van meter tráfico como pasa co “superxoves” no outlet do Culleredo ou o Nadal no Marineda.

E un comercio que ao final se vai cargar o pequeno comercio que teñen no Temple. O Temple, que é unha mini gran cidade, con vida propia, que iso por sorte é unha vantaxe que ten Cambre, para a súa forma de ver, a vida do Temple.

Despois, si que farían falta máis zonas verdes, e como dixo antes, quitar o tráfico. Dotar O Temple de infraestruturas e dotacións de interese xeral, tan necesario, e non do particular. De feito se iso fose así o voto de AV sería favorable seguramente, en vez de cementar e ter máis tráfico.

Conclúe que esa é a súa opinión, e a xente que llelo di pola rúa exprésalles ese mesmo sentimento, porque ao final O Temple ten que humanizarse e non cementarse tanto.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común e integrante do Grupo Mixto, manifesta que neste punto van votar de forma contraria, un pouco tamén polos motivos que expresaron no anterior, e un pouco tamén seguindo a liña do expresado pola maioría, ou pola totalidade se non se equivoca de grupos da oposición.

Di que é curioso que sendo grupos de cores tan diferentes, de ideoloxías tan dispares, con sensibilidades tan distintas, que priorizan diferentes cousas en función da súa forma de ver, estean todos dicindo o mesmo respecto do urbanismo de Cambre en xeral, e do Temple neste caso en particular.

Dicía no anterior punto o Sr. Leirós que o Goberno ten posta a vista no ano 2030, falaba da Axenda 2020-2030, e ela cre que lle queda un pouquiño grande falar diso. Entende o sentido da Axenda 2020-2030, o sentido do novo urbanismo, e téñeno falado moitas veces, incluso ten a completa seguridade de que non é por falta de sensibilidade, pero si por falta de posta en práctica, é dicir, ela non dubida do que di Juan González Leirós respecto da sensibilidade cos novos urbanismos, co ano 2030 ou coa Axenda 2020-2030, non dubida da sensibilidade, pero na posta en marcha o resultado é totalmente diferente, só fai falta pasear hoxe pola rúa Párroco Manuel Cobas.

E di que non fala de cuestión de gustos, fala de falar cos veciños e de que efectivamente non se corresponde ese urbanismo coas necesidades reais e co devir, e co camiñar, e co vivir dun barrio que xa non é un barrio, como dicía Raúl, como dicía o Goberno, como é O Temple. Non se corresponde.

Di que por iso fan mención, e por iso os anteriores compañeiros e ela mesma, por iso fan mención sempre ao Plan Xeral, porque unha actuación ben desenvolvida, á vista está, no momento no que queda executada vese no vivir diario da xente. Pero cando se ve que cada unha das obras que se fan, cada unha das actuacións que se realizan no Temple, son pasto da queixa dos veciños e das veciñas, ao mellor teñen que pararse e pensar que non se está realizando o Urbanismo que pide a cidadanía. E dende logo non se pode dicir que se ten a vista posta na Axenda 2020-2030, nin no ano 2030.

Dito todo isto, corrobora o seu voto en contra.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, concelleira de C's e integrante do Grupo Mixto, manifesta que a postura do seu grupo en canto a que Cambre necesita desenvolvemento e crecemento deixárona clara xa cando este asunto ten vido outras veces a pleno.

Así mesmo teñen deixado sempre moi claro que unha das grandes preocupacións para C's son as Casas Bailly, e en ningún momento, aínda absténdose co seu voto, viron un compromiso real, á parte dese convenio que lles trouxeron, asinado con esa empresa que ía colaborar na modificación puntual para o mantemento e a conservación, cun diñeiro que virá cando ese aproveitamento o poidan desenvolver. Á parte diso non viron ningún movemento por parte do Goberno que ampare e que diga que realmente se van protexer as Casas Bailly.

Di que, entón, están nunha modificación puntual das Normas subsidiarias na N-VI onde a loita máis importante que deberían ter aí se aparta, déixase a un lado, e vanse por outros camiños.

Polo tanto, aínda que queiran apoiar ese desenvolvemento, porque cren que é necesario para Cambre, e C's si o cre, de feito houbo un momento en que votaron a prol diso, porque cren que O Graxal necesita ese desenvolvemento, o que lles doe é ver esa falta de compromiso, ese deixamento coas Casas Bailly.

Di que ela lles propuxo antes, cando veu o convenio con esa empresa, propúxolles que nos orzamentos destinase unha partida polo menos para cubrir o tellado, para teitalo para que non se deterioren máis. Non se fixo ningún caso diso, polo tanto o seu voto neste momento vai ser a abstención, porque apoian ese desenvolvemento, pero ese desenvolvemento ten que vir acompañado doutros beneficios, tanto para todos os veciños de Cambre como para os veciños do Graxal e para os veciños do Temple. Polo tanto, vanse abster neste punto.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Votan en contra os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común). Abstense a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, cumpríndose coa maioría absoluta do número legal de membros da Corporación esixida polo artigo 47.2. II) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.7. Aprobación provisional, se procede, da modificación puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito do solo apto para urbanizar residencial denso nº 1 “A Barcala” (SAU-RD1)

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, de data 18 de xaneiro de 2021, que consta do seguinte teor literal:

«En relación coa **Modificación puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito do Solo Apto para Urbanizar-Residencial Denso nº 1 “A Barcala”** e a tenor do establecido no artigo 60, apartado 13 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, o Pleno Municipal de Cambre na súa sesión ordinaria de data 31 de maio de 2018 acorda aprobar inicialmente a modificación puntual anteriormente indicada.

Visto o informe do arquitecto municipal de data 18 de xaneiro de 2021.

Visto o informe do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 18 de xaneiro de 2021 co conforme da secretaria xeral.

Propoño ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar provisionalmente a Modificación Puntual das Normas Subsidiarias do Planeamento de Cambre no ámbito do Solo Apto para Urbanizar Residencial Denso nº 1 “A Barcala” (SAU-RD1) redactado polo arquitecto don José Mantiñán Soler, de conformidade cos artigos 60-13 e 83-4 e 5 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

2º.- Remitir este instrumento de planeamento xunto co expediente completo, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que se proceda, se é pertinente, á súa aprobación definitiva, de conformidade cos apartados 13 e 16 do artigo 60 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 21 de xaneiro de 2021.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, explica que o SAU-RD1 Portofaro trátase dunha urbanización de 31237 m², cunha edificabilidade de 21000. O interesante é que se crean aí 195 vivendas, 59 de VPO, e que se crean espazos libres de 12000 m² máis un equipamento de 3185 m². A incorporación do arboredo previsto é de 312 árbores.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, di que moi simple, polas horas da noite que xa van sendo. Por coherencia, e o mesmo que nos outros puntos, pero si que é certo que un pouco mellorado ao existir previsións de zonas de vivenda de protección oficial e unha marxe de cesións moderadamente aceptable, por coherencia continúan considerando, na mesma liña que nos puntos anteriores, a necesidade de que este asunto debería ter sido incluído no estudo da redacción dun PXOM, co cal o voto do PP vai ser negativo.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta dende o seu grupo o seu voto en contra neste punto na orde do día, porque están dunha maneira moi categórica e enérxica en contra desta actuación.

Para saber do que están falando, di que se trata dunha zona, dunha parcela por así cualificala, fronte á panadería/pastelería María Jesús, fronte ao colexio Portofaro.

Están falando, dicía o concelleiro de Urbanismo, Juan Leirós, do cal discrepan aberta e educadamente neste

punto, de que o importante é que se crean 195 vivendas e, efectivamente, é practicamente o único no que están de acordo, o importante é que se crean 195 vivendas nun dos puntos máis complexos a nivel de tráfico rodado, e tamén peonil, do Concello de Cambre.

Nunha zona total e absolutamente saturada en horas punta, onde, por exemplo, á entrada e saída do colexio ten que acudir diariamente, por dúas veces como mínimo, a Policía local, aí van chantar 195 vivendas, que traducido en persoas, en habitantes, en xente que vai ir facer, son da orde de 600 veciños. Están insuflando 600 veciños a unha zona. Xustamente falando neste pleno nomeouse Pontevedra, e mencionouse tamén en puntos anteriores o criterio de urbanistas respecto de determinadas actuacións no concello, e ao seu modo de ver, dío francamente, isto non dá o 5, pero nin moi de lonxe.

Explica que o BNG, nas emendas que presentou como grupo político aos orzamentos xerais do Estado, incluíu unha demanda que xa rexistraron en anos anteriores, que é a petición ao Goberno estatal de que mellore o illamento acústico e visual desa zona urbanística dos Muíños, un exemplo dun urbanismo que nunca se debeu ter feito, dunhas vivendas encastradas literalmente enriba da maior arteria viaria deste país na súa configuración, ademais no seu emprazamento a día de hoxe cuns problemas, como xa dixo, de illamento acústico e visual que ten moi difícil solución.

Ao seu modo de ver, que a día de hoxe collan, e xustamente nas inmediacións do acceso á autoestrada AP-9, calcen unha fila de edificios, 195 vivendas pegadas contra a Travesía da Coutelana e situadas inmediatamente enriba da autoestrada AP-9 é un urbanismo que non se sostén a día de hoxe, que non ten ningún tipo de sentido. Oxalá fose así, pero saben que é moi difícil que a Xunta o vexa.

Unha cousa é estar en desacordo parcial con cuestións como, por exemplo, o desenvolvemento urbanístico da N-VI, unha zona que está, non segmentada, senón seccionada do resto, que é visible. Pero calquera persoa que coñeza minimamente o emprazamento físico do que están falando e o imaxine con 600 persoas máis vivindo literalmente nas inmediacións da AP-9, non pode estar, ao seu modo de ver e se se preocupa polo benestar público, a favor desa actuación.

Quen considera que o desenvolvemento destas actuacións son positivas para o conxunto do concello forma unha maioría de goberno, UxC e PSOE, con esta proposta, con este programa. No que todos incidían nas eleccións celebradas hai case 2 anos era na necesidade de dotar a Cambre dun plan de desenvolvemento urbanístico moderno e acorde cos tempos que viven, un verdadeiro plan de ordenación municipal, e o que están vendo é que realmente para esta viaxe non facían falta estas alforxas, porque están incidindo e reincidindo no vello urbanismo de modificacións puntuais que o único que fan é hipotecar o seu futuro.

O BNG si que pensa, dende o seu punto de vista, nun concello como Cambre cunha calidade de vida moito maior que vai, dende logo, ligada a un urbanismo baseado na lóxica e na razón.

Conclúe dicindo que pola súa parte nada máis, insistir en que van votar negativamente porque están contundentemente en contra de que se constrúan esas 200 vivendas nas inmediacións do Portofaro, e porque cren que hai alternativas e habería outro tipo de alternativas.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, manifesta que na liña das dúas modificacións anteriores, o seu grupo vai votar en contra, porque non entenden a présa que hai agora por traer a pleno esta modificación puntual, cando se está a traballar nun plan no que incluso no verán se tiña falado de que había un borrador, que polo que ven agora vaise demorar.

Entenden que poidan vir con urxencia plans anteriores, por un tema de convenios e indemnizacións, pero aquí, que saiban, non hai ese problema.

Di que si que aplauden que polo menos vaia vivenda social, pero tamén consideran que esa vivenda social se pode contemplar perfectamente nun plan xeral.

Ven que se seguen modificando as Normas subsidiarias e consideran que dentro de todo o que se vai facer aí, á parte de que é unha das zonas, como dixeron os seus compañeiros, de maior tráfico e máis saturada xa no día a día, como para meter 200 vivendas, e sabendo que ese aparcadoiro é unha cesión de uso que lles deixan, pregunta que solución se lle vai dar á xente que aparca alí.

Lembra que había un proxecto incluso, do 2010, feito pola Xunta, dunha rotonda e un acceso á AP-9 na Barcala, que con esta actuación nun principio parece que desaparece, porque o trazado cruzaba un pouco polo medio e non sabe se hai estudada algunha solución, algunha modificación ou algún cambio nese trazado.

Conclúe dicindo que despois, referíndose un pouco ás zonas verdes e de espaxamento, non consideran que un anaco de céspede, aí pegado á autoestrada, sexa unha zona ideal para espaxamento.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común e integrante do Grupo Mixto, manifesta que non sabe o resto dos compañeiros, pero a ela estáballe saíndo erro de conexión e ela concretamente a intervención de Daniel Carballada escoitoua moi entrecortada, non sabe se teñen coñecemento da calidade da transmisión. Entende que a xente que o este vendo por *streaming* tampouco o entendería. Dío porque non sabe se era cousa dela.

Toma a palabra o señor alcalde para dicirlle que a ela se lle escoita ben, e que ao resto dos compoñentes se lles escoita ben. O voceiro do BNG xa dixo ao principio deste pleno que tiña problemas de conexión e é só a el ao que se lle estaba escoitando entrecortadamente nalgúns momentos.

Dona María Olga Santos López di que vale, que como tiña un reloxo de area na pantalla, por iso quería comentalo.

O señor alcalde reitéralle que ao resto escóitaselles perfectamente.

Dona María Olga Santos López manifesta que respecto deste punto o voto de EU é un voto radicalmente contrario. Sempre mirando cara adiante, non mirando a día de hoxe, cre que concretamente esta pode ser unha das actuacións urbanísticas que vai perseguir aos concelleiros do Goberno de por vida.

É mostra, dende o seu punto de vista, dunha urbanización salvaxe, feita para..., non sabe se feita para, pero si que vai ser consecuencia dun entorpecemento físico da zona, e lonxe de calquera posibilidade de mellorar a calidade de vida da contorna.

Efectivamente, se hai un punto complexo, se hai un punto con todos os visos de saturación posible, no que xa ten que acudir a regular o tráfico todos os días a Policía, é ese tapón que xa teñen, e con esta actuación vaise selar con silicona.

Conclúe dicindo que pensa que posibilidades había moitas, ideas había moitas, houbo moitas propostas para ese SAU e entende que esta non é a máis acaída, entón o seu voto vai ser contrario.

Concedida a palabra a dona María José García Hidago, concelleira de C's e integrante do Grupo Mixto, manifesta que, como xa dixeron o resto dos grupos, C's considera que é unha zona demasiado densificada. Parécelles que é unha zona demasiado..., unha barbaridade en concreto, e o seu voto vai ser en contra, porque cren que se lles podía ter dado outro tipo de solución.

Concretamente esta modificación do SAU non cren que sexa boa nin para a zona, nin para os veciños de

Cambre, polo tanto o seu voto vai ser en contra.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Votan en contra os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, cumpríndose coa maioría absoluta do número legal de membros da Corporación esixida polo artigo 47.2. II) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

Faise constar que antes de emitir o seu voto, a concelleira de C's, integrante do Grupo Mixto, pregunta se a votación é válida, xa que pasan 4 minutos das 12 da noite.

O señor alcalde contéstalle que si, e tras finalizar a votación explica que dado que pasan das 12, son as 12:05 horas da noite, non van continuar co pleno, dá por rematado o pleno. Di que a votación si é válida porque o pleno pode pasar das 12 da noite, segundo lle dixo a Sra. secretaria, pero o criterio do Goberno, dende hai moito tempo, é terminar os plenos ás 12 da noite e así seguirán a facelo.

Tamén lles quere dicir que farán un pleno extraordinario e urxente, rapidamente, polo tema de presentar o POS que teñen pendente, o punto que viña a continuación, polo tanto, reitera que se lles convocará a un pleno urxente rapidamente.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o que lles gustaría é que quedara neste pleno que se suspende agora fixada unha data e hora para continualo. Entenden que é o preceptivo nun pleno que se interrompe por chegar as 12. Non é de recibo, máis aló de calquera cuestión partidaria, e hai puntos na orde do día, tanto que leva o equipo de goberno como de control e fiscalización por parte da oposición, que queden sen tratar.

Di que loxicamente vai haber un pleno extraordinario no que como todos saben vai haber unha orde do día vinculada á temática que motiva esa convocatoria, pero o lóxico e normal, e de feito o que pasa en todos os concellos, é que cando un pleno se suspende porque chega a media noite, asígnase unha hora, normalmente o seguinte día laborable ou o que se estime nese sentido. Pola súa parte todas as facilidades do mundo para poder continuar co desenvolvemento da sesión plenaria. Simplemente iso.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, manifesta que quería precisamente incidir no que acaba de dicir o voceiro do BNG, preguntar que é o que vai ocorrer e que tratamento se lle vai dar aos asuntos que aínda faltan. Falta un asunto na orde do día, as mocións, os rogos e as preguntas.

Pregunta se como noutras corporacións se vai convocar ou ter continuidade este pleno ao día seguinte hábil. Cre que iso é o que querían saber o resto dos concelleiros, como termina este pleno, porque este pleno interrómtese polo feito de que chegaron as 12 da noite e o señor alcalde considerou que ten que suspenderse, pero pregunta que ocorre co resto dos asuntos que figuran na orde do día, se os van convocar para outro pleno, porque o que acaba de dicir, que vai convocar un pleno extraordinario, é por outro motivo, non é pola continuidade deste.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Conclúe dicindo que lle gustaría saber que solución se lle vai dar, se a teñen agora.

O señor alcalde contesta que mañá lles contestará por escrito que vai ocorrer co pleno extraordinario ou coa continuidade, se a houbese, deste pleno e dos asuntos que quedaron pendentes.

E tendo en conta o disposto no artigo 103 do Regulamento orgánico municipal respecto do principio de unidade de acto, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e catro horas e sete minutos, do que eu, secretaria xeral, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Maria Luisa de la Red Ampudia